Sobre a situación de precariedade dos servizos de atención á drogodependencia, en especial no que atinxe ás mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

6.9 37100 (10/POP-004379)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre a evolución que presenta a atención á dependencia en Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 362, do 26.09.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.


Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento


O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 163 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei para garantir que a produción eléctrica cumpra unha función social no desenvolvemento económico e na creación de emprego e riqueza na Galiza**, para a súa elevación ao Congreso dos Deputados e Deputadas, consonte o artigo 87.2 da Constitución.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enerxía é un elemento de carácter estratéxico para Galiza, tanto polo que significa en termos de PIB e de impacto no tecido produtivo como polo que significa canto a un ben imprescindible para o desenvolvemento da vida das persoas e dos seus dereitos. Polo tanto, a enerxía debe ser entendida como un ben público e a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración. Existen cada vez máis motivos, tanto desde o punto de vista social como desde o punto de vista económico e ambiental, para apostar por unha transformación completa das regras de funcionamento do sistema eléctrico de forma que opere sobre a consideración da enerxía como un ben público e supere a mercantilización que ten suposto a regulación vixente até o momento, lesiva para as maiorías sociais e para o desenvolvemento económico dun país coma o noso, coa particularidade de ter un potencial produtor indiscutíbel. Polo tanto, é preciso arbitrar mudanzas para garantir que a produción eléctrica cumpra unha función



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



social no desenvolvemento económico e na creación de emprego e riqueza na Galiza.


Galiza tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas, moitas delas do período da ditadura franquista. Nesa función imposta de país produtor, xeramos enerxía para o consumo doutros territorios do Estado español, exportando unha media dun 35% de electricidade cada ano. Desta forma, mentres outros territorios aforran os custos do impacto social e ambiental que sufrimos como país, Galiza non obtén ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, mentres nos adxudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.

Diante do novo escenario que abren as necesidades sociais e económicas así como a necesaria transición enerxética, é necesario transformar as regras do sistema eléctrico de forma que estas se adecúen ás diferentes realidades territoriais. A xeración eléctrica leva aparelados elevados custos sociais e medioambientais que a lexislación debe compensar. Conforme a isto, nesta lei desenvólvese unha fixación do prezo asociada á situación de territorio excedentario ou deficitario, de xeito que nos territorios excedentarios este feito repercuta positivamente mediante unha tarifa eléctrica máis reducida.

Coa perspectiva da necesaria transición ecolóxica que deberá ser desenvolta, contéplanse medidas de impulso ás enerxías renovábeis para liderar a redución de gases contaminantes e avanzar nas cotas de produción das fontes de enerxía máis sostíbeis. Así mesmo, diante da incerteza que este camiño abre e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



tendo en conta que Galiza ten no seu territorio dúas importantes centrais termoeléctricas que traballan con carbón importado, Meirama e As Pontes, prevese un novo marco que permita que estas comarcas non continúen excluídas dos incentivos á adaptación e ao desenvolvemento industrial.


Cómpre sinalar que desde a perspectiva do desenvolvemento produtivo e industrial, no contexto económico do capitalismo e da globalización, para superar un modelo baseado no abaratamento da man de obra e na explotación colonial de materias primas, debemos aproveitar as nosas potencialidades. Unha fundamental é a nosa capacidade xeradora de enerxía, tanto polo potencial hidráulico como pola capacidade de desenvolvemento de enerxías renovábeis como a eólica. Por iso, debemos impulsar esta vantaxe para reivindicar un prezo competitivo que nos permita un desenvolvemento sostíbel.

Neste ámbito, cómpre recordar a importancia dunha tarifa industrial estábel para as grandes industrias electrointensivas, de grande importancia no noso país e que non poden seguir dependendo dun sistema con tantas incertezas e riscos como a interrompibilidade, poñendo en permanente risco a súa continuidade así como os postos de traballo. Cómpre adecuar un novo marco estábel onde ademais se teña en conta a nosa posición produtora. Así mesmo, é imprescindible ligalo a un marco de planificación industrial, actualización dos mecanismos de produción e mantemento do emprego baixo condicións de traballo dignas.

Por outra banda, cómpre ter en conta que na actualidade as maiorías sociais sofren aínda o impacto de case unha década de recesión económica e as consecuencias das políticas económicas e laborais dos gobernos do Partido



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza




Popular. Nestas consecuencias salienta unha importante terciarización da economía e a cronificación dunha desigualdade social na que un produto como a enerxía se ten convertido nunha grande dificultade. Esta realidade explica que mentres o Estado e as grandes eléctricas aumentaron a súa recadación, haxa máis de máis de 442.000 persoas en Galiza que declaran non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada. Así mesmo, a taxa de risco da pobreza incrementou nun 12,15% dende o 2009. Para combater a dificultade que supón o acceso á enerxía non son suficientes nin o bono social do Estado nin o ticket eléctrico da Xunta de Galiza, que chegan a unha porcentaxe moi reducida da poboación. É preciso tomar medidas máis ambiciosas que supoñan unha rebaixa real da factura final a través dunha rebaixa nas peaxes para os territorios produtores. Do mesmo xeito, é necesario blindar que os fogares vulnerábeis non poidan ver cortado o seu subministro eléctrico, con independencia das medidas complementarias a desenvolver.

Finalmente, se camiñamos cara unha mudanza do sistema eléctrico de forma que este incorpore de forma transversal a electricidade concibida como un ben esencial e imprescindible para unha vida digna, así como unha condición sen a que non é posíbel o exercicio doutros dereitos fundamentais, cómpre que lle sexa aplicada un gravame fiscal acorde.

En coherencia co exposto, a presente lei aposta pola redución do Imposto do Valor Engadido como unha medida prioritaria e urxente para a democratización do acceso á enerxía. Na situación social e económica actual é inadmisíbel que non se poña fin a unha situación de presión fiscal indirecta que non se sostén. A día de hoxe, a electricidade, ademais de ter diferentes impostos que se solapan e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



engrosan o prezo final, atópase no tramo mais elevado do IVE, no 21%, ao tempo que bens e servizos non básicos teñen un gravame menor, froito dun modelo económico incoherente.

A única razón para que o IVE non se reduza é o afán de recadación do Estado. Porén, a situación social e económica combinada cunha maior capacidade económica do Estado debe servir para motivar un cambio na dirección da redución do IVE, de forma que deixe de ser un dos IVE máis altos de Europa, so por detrás dos países nórdicos, e contribúa a aliviar a carga económica dos fogares e do tecido económico. Deben primar as razóns de interese xeral e o feito de que se trate dun ben de primeira necesidade.


Por todas estas razóns, a presente proposición de lei busca adecuar a política enerxética e fiscal a estas premisas e a unha nova concepción da enerxía que facilite cambios no sistema económico e social, contribuíndo a que a produción eléctrica cumpra unha función elemental no desenvolvemento económico e na creación de emprego e riqueza na Galiza. Con base a estes parámetros, esta proposición de lei conta con dous artigos.

O artigo UN modifica diferentes aspectos da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

O apartado Un modifica a exposición de motivos da citada lei reguladora do sector eléctrico de forma que se incorpora a definición do subministro de enerxía eléctrica como un servizo de carácter público, suprimíndose varios parágrafos referentes ao réxime especial (renovábeis, coxeración e residuos), que é onde teñen competencias as Comunidades Autónomas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



En coherencia co arriba afirmado, establécese no apartado 2 que o tratamento que debe recibir o subministro da enerxía eléctrica é o de servizo de carácter público, superando a redacción vixente no momento de redactar esta proposta na que se mantén unha óptica mercantilista deste ben esencial. Baixo o punto de vista de quen impulsa esta lei, o subministro de enerxía debe ser considerado como un ben de servizo público. Desta forma, o vindeiro marco legal do sector eléctrico debe ser superador non só do conceptualizado na lei de 2013, senón tamén a caracterización da Lei 54/1997, que o consideraba unicamente un servizo esencial.


O punto Tres establece de forma clara a participación das Comunidades Autónomas na regulación e o control das actividades destinadas ao subministro de enerxía eléctrica. Desta forma, búscase mellorar a norma vixente tendo en conta tanto o marco competencial existente como a necesidade de superar a recentralización imposta pola vía dos feitos por pare dos gobernos do Partido Popular en detrimento da capacidade decisoria das comunidades.

O punto Catro asenta un novo punto de partida para o fomento das enerxías renovábeis, de forma que, dentro da planificación das necesidades de nova potencia para satisfacer a demanda, deban terse en consideración.

En coherencia co anterior, o punto Cinco busca dar seguridade xurídica asegurando que os plans en materia de enerxías renovábeis e de eficiencia enerxética que elabora o goberno aseguren o cumprimento dos obxectivos obrigatorios xa establecidos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



O apartado Seis suprime determinados custos do sistema eléctrico, pois neste momento histórico o encarecemento da factura para as e os consumidores, a recuperación de recadación do Estado e a necesaria transformación do sistema eléctrico deben levar a unha racionalización dos conceptos incorporados á tarifa eléctrica e determinar de forma clara que cuestións deben ser directamente incorporadas aos Orzamentos Xerais do Estado da mesma forma que outros elementos pertencentes á política industrial.


O apartado Sete ten como obxectivo modificar o actual sistema de custos marxinais no sistema de oferta e demanda do mercado maiorista, introducindo modificacións cara un sistema de custos recoñecidos. Neste sentido, estableceranse custos diferenciados para cada tecnoloxía do sector eléctrico, da mesma forma que se recolle para as actividades de produción ás instalacións non peninsulares no artigo 14.6.b).

No apartado Oito introdúcense cambios conducentes a que o impulso das enerxías renovábeis, coxeración de alta eficiencia e residuos non teña un carácter excepcional, senón que deba ser unha dinámica a seguir polo Goberno.

O apartado Nove establece que o prezo da tarifa eléctrica nun territorio teña en conta a súa situación de territorio excedentario ou deficitario, de cara a, no caso de tratarse dun territorio excedentario, repercutir positivamente na tarifa dese territorio e asumir así algún beneficio en compensación das externalidades negativas que produce a xeración eléctrica.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



O contemplado nos apartados Dez e Once pon fin á posibilidade de que os impostos que poidan determinar as comunidades produtoras de electricidade poidan acabar repercutindo na factura final da electricidade.


No apartado Doce inclúense aquelas modificacións que contribúen a adecuar o texto legislativo ao artigo 16.2.c) da Directiva 2009/28/CE, que obriga a dar prioridade de despacho ás instalacións de xeración que utilicen fontes de enerxía renovábeis, sen que permita esixir que iso só teña lugar “a igualdade de condicións económicas no mercado”.

No apartado Trece establécese a prohibición expresa da suspensión do subministro de enerxía eléctrica ás persoas consumidoras acollidas á tarifa ou tarifas eléctricas reguladas de prezos voluntarios para o pequeno consumidor ou tarifas último recurso por falta de pago, no caso de que os membros da unidade familiar estean en paro ou teñan ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional. Asemade, determínase que será a Administración Xeral do Estado quen asuma o custo económico desta medida.

O apartado Catorce incorpora unha nova Disposición Adicional, a vixésimo primeira, onde se establece o procedemento para substituír o actual sistema de poxas de interrompibilidade por unha tarifa industrial que sexa predicíbel e estábel no tempo, de xeito que contribúa a garantir a viabilidade da industria electrointensiva e impulsar o desenvolvemento das súas capacidades. Establécese para iso as premisas básicas so as que se poderán acoller a esta tarifa este tipo de empresas. Establécese tamén que o prezo desta tarifa nun territorio terá en conta a súa situación de territorio excedentario ou deficitario, de cara a, no caso de tratarse dun territorio excedentario, repercutir positivamente



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



como mecanismo de compensación das externalidades negativas que produce a xeración eléctrica.

No apartado quince, prevese a inclusión nos marcos reguladores para a transición enerxética os ámbitos xeográficos con instalacións xeradoras de electricidade que usan carbón importado, de forma que estes territorios afectados tamén se poidan beneficiar dos recursos económicos, sociais e de impulso industrial que se veñen ofertando ás comarcas de produción de carbón autóctono.

Por último, o apartado dezaseis incorpora unha nova Disposición Adicional, que contempla a elaboración por parte do estado dun marco de carácter plurianual de cara á transición enerxética das centrais térmicas e as súas comarcas de localización.

O artigo DOUS modifica a Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido. Mediante un único apartado, establécese que o “consumo de enerxía eléctrica” tribute a un tipo do 4%.


Artigo UN. Modificación da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

Un. Modificacións na Exposición de Motivos.

1. Modifícase a primeira frase do primeiro parágrafo da Exposición de motivos I., de forma que figure a seguinte redacción:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



“O subministro de enerxía eléctrica constitúe un servizo público, pois...”
(continúa igual)

2. Suprímense os parágrafos 26, 27, 28 e 30 da exposición de motivos, II,

Dous. No apartado 2. do artigo 2 propónse a seguinte redacción:

“O subministro de enerxía eléctrica constitúe un servizo público”.

Tres. No apartado 3. do artigo 2., propónse a seguinte modificación na redacción:


“3. Corresponde ao Goberno Central, ás Comunidades Autónomas e ás Administracións Públicas a regulación e o control das actividades destinadas ao subministro de enerxía eléctrica. Así mesmo, o operador do mercado e o operador do sistema terán as funcións que expresamente se lle atribúan”.

Catro. Modifícase a letra a) do apartado 3 do artigo 4., quedando a súa redacción do seguinte xeito:

“a) Con carácter indicativo, varios escenarios sobre a evolución futura da demanda eléctrica incluíndo unha análise de sensibilidade en relación coa posíbel evolución da demanda ante cambios nos principais parámetros e variábeis que a determinan e unha análise dos criterios que conducen á selección dun escenario como o máis probábel. Sobre o escenario seleccionado analizaranse os recursos necesarios para satisfacela e sobre as necesidades de nova potencia, todo iso en



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



termos que fomenten un adecuado equilibrio entre a eficiencia do sistema, a seguridade de subministro, o desenvolvemento das enerxías renovábeis e a protección do medio ambiente”.

Cinco. Engádese un novo punto, o 5., ao artigo 5., quedando a súa redacción da seguinte forma:

“5. Sen prexuízo do previsto nos apartados anteriores, o Goberno aprobará plans relativos ao aproveitamento enerxético das fontes de enerxía renovábeis e de eficiencia enerxética no sector eléctrico, ao obxecto de impulsar a crecente incorporación das enerxías renovábeis e de garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos para o Estado Español nestas materias”.


Seis. No apartado 3., do artigo 13., suprimense as letras b), c, d), e), f), f) e h).

Sete. Modifícase a redacción da letra a) do punto 5. o artigo 14, quedando redactado da seguinte maneira:

“a) A enerxía eléctrica negociada a través dos mercados de contratación bilateral ou física ou a prazo que se retribuirá sobre a base do prezo das operacións contratadas en firme nos mencionados mercados.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Este concepto retributivo definirase considerando as perdas incorridas nas redes e os custos derivados das alteracións do réxime normal de funcionamento do sistema de ofertas”

Oito. Modifícase a redacción do punto 7. do artigo 14, quedando redactado da seguinte maneira:


“7. O Goberno poderá establecer un réxime retributivo específico para fomentar a produción a partir de fontes de enerxía renovábeis, coxeración de alta eficiencia e residuos, cando exista unha obrigaón de cumprimento de obxectivos enerxéticos derivados de Directivas ou outra normas de Dereito da Unión Europea ou cando a súa introdución supoña unha redución do custo enerxético e da dependencia enerxética exterior.

Este réxime retributivo, adicional á retribución pola venda da enerxía xerada valorada ao prezo do mercado de produción, estará composto por un termo por unidade de potencia instalada, que cubra, cando cumpra, os custos de investimento dunha instalación tipo que non poden ser recuperados pola venda da enerxía e un termo á operación que cubra, no seu caso, a diferenza entre os custos de explotación e os ingresos pola participación no mercado de produción de devandita instalación tipo.

Para o cálculo de dita retribución específica consideraranse, para unha instalación tipo, ao longo da súa vida útil regulatoria e en referencia á actividade realizada por unha empresa eficiente e ben xestionada:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



a) Os ingresos estándar pola venda da enerxía xerada valorada ao prezo do mercado de produción.

b) Os custos estándar de explotación.

c) O valor estándar do investimento inicial.


Como consecuencia das singulares características dos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, poderán definirse excepcionalmente instalacións tipo específicas para cada un deles.

O réxime retributivo non excederá o nivel mínimo necesario para cubrir os custos que permitan competir ás instalacións en nivel de igualdade co resto de tecnoloxías no mercado e que posibiliten obter unha rendibilidade razoábel por referencia á instalación tipo en cada caso aplicábel. Esta rendibilidade razoábel virará, antes de impostos, sobre o rendemento medio no mercado secundario das Obrigacións do Estado a dez anos aplicando o diferencial adecuado. Excepcionalmente o réxime retributivo poderá incorporar ademais un incentivo ao investimento e á execución en prazo determinado cando a súa instalación supoña unha redución significativa dos custos nos sistemas dos territorios non peninsulares. Este réxime retributivo será compatíbel coa sustentabilidade económica do sistema eléctrico de acordo co disposto no artigo 13 e estará limitado, en todo caso, aos obxectivos de potencia que se establezan na planificación en materia de enerxías renovábeis e de aforro e eficiencia.

A enerxía eléctrica imputábel á utilización dun combustíbel nunha instalación de xeración que utilice como enerxía primaria algunha das enerxías renovábeis non consumíbeis non será obxecto de réxime retributivo específico,



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



salvo no caso de instalacións híbridas entre fontes de enerxía renovábeis non consumíbeis e consumíbeis, nese caso a enerxía eléctrica imputábel á utilización da fonte de enerxía renovábel consumíbel si poderá ser obxecto de réxime retributivo específico.

A estes efectos, por orde da persoa Ministra competente en materia de Enerxía publicarase a metodoloxía para o cálculo da enerxía eléctrica imputábel aos combustíbeis utilizados”.

Nove. Modifícase a redacción do segundo parágrafo da letra b) do apartado 1. do artigo 16, que pasa a ter o seguinte tenor literal:


“As peaxes e cargos así calculados serán diferentes en cada Comunidade Autónoma en base á súa condición de excedentaria ou deficitaria na produción de enerxía eléctrica, beneficiándose con peaxes máis baixas aquelas Comunidades que son exportadoras netas de electricidade, en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción”.

Dez. Suprímese o apartado 4 do artigo 16.

Once. Suprímese o apartado 6 do artigo 17.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Doce. Modificacións no artigo 25.

1. No apartado 1., engádese un segundo parágrafo co seguinte tenor literal:

“A utilización deste mecanismo será repercutida entre todas as tecnoloxías de produción do sector eléctrico, de forma proporcional á súa achega ao sistema, sen que poida penalizar exclusivamente a unha determinada tecnoloxía”.

2. Substitúese o establecido no apartado 2. polo seguinte parágrafo:

“2. A enerxía eléctrica procedente de instalacións que utilicen fontes de enerxía renovábel e, tras elas, a das instalacións de coxeración de alta eficiencia, terá prioridade de despacho, sen prexuízo dos requisitos relativos ao mantemento da fiabilidade e a seguridade do sistema, e con arranxo a criterios transparentes e non discriminatorios, nos termos que regulamentariamente se determinen polo Goberno”.


Trece. Modificacións no artigo 52.

1. A letra j) do punto 4. queda redactada do seguinte xeito:

“j) Nos termos e condicións que se establezan regulamentariamente, aqueles subministros a consumidores acollidos a prezos voluntarios para o pequeno consumidor ou tarifas último recurso por falta de pago, si todos os membros da unidade familiar están en paro ou teñen ingresos máis baixos que o salario mínimo interprofesional”.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



2. O último parágrafo do punto 4. queda redactado da seguinte maneira:


“Salvo no suposto previsto no parágrafo j) as empresas distribuidoras ou comercializadoras poderán aplicar recargas ou afectar os pagos que perciban daqueles dos seus clientes que teñan subministros vinculados a servizos declarados como esenciais en situación de morosidade, ao abono das facturas correspondentes a devanditos servizos, con independencia da asignación que o cliente, público ou privado, atribuíse a estes pagos. A asunción dos custos derivados do parágrafo j) serán asumidos pola Administración Xeral do Estado nos termos nos que se estipule regulamentariamente”.

Catorce. Disposición Adicional vixésimo primeira. No prazo de tres meses dende a aprobación da presente lei, o Goberno substituirá o actual sistema de poxas de interrompibilidade por un sistema de tarifa industrial que sexa estábel no tempo e con variacións predicíbeis para a subministración da industria electrointensiva, que se poderá acoller sempre e cando cumbran as seguintes condicións que serán desenvoltas mediante un decreto específico:

- a) Sobrepasar un mínimo de consumo e de potencia contratada.
- b) Disponibilidade de interrupción do subministro de ser preciso como ferramenta de xestión da demanda para dar resposta rápida e eficiente ás necesidades do sistema eléctrico.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



- c) Obriga de realización de investimentos periódicos que garantan a viabilidade e modernización dos procesos produtivos, así como obriga de mantemento do emprego e do nivel adquisitivo dos cadros de persoal.
- d) Presentación dun Plan de Desenvolvemento Industrial por cada período de cinco anos, que será revisado anualmente polos mecanismos de seguimento que arbitre a administración.


As peaxes e cargos desta tarifa industrial serán diferentes en cada Comunidade Autónoma en base á súa condición de excedentaria ou deficitaria na produción de enerxía eléctrica, beneficiándose con peaxes máis baixas aquelas Comunidades que son exportadoras netas de electricidade, en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.

Quince. Disposición Adicional vixésimo segunda.

Incluirase nos marcos reguladores para a transición enerxética xusta e o desenvolvemento sostíbel das comarcas mineiras aqueles ámbitos xeográficos con instalacións xeradoras de electricidade por medio do uso de carbón importado, de forma que estes territorios afectados polo cambio de modelo enerxético tamén se poidan beneficiar dos recursos económicos, sociais e de impulso industrial que se oferten.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Dezaseis. Disposición Adicional vixésimo terceira

O goberno do Estado elaborará un marco plurianual con recursos suficientes para a adaptación das centrais térmicas e as súas comarcas de localización de cara a transición enerxética e a cubrir as necesidades de reindustrialización destes territorios e o seu tecido económico.

Artigo DOUS. Modificación da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

Engádese un novo ordinal, o 7º, ao punto 1 do apartado “Dous” do artigo 91, coa seguinte redacción:

7.º O consumo de enerxía eléctrica.

Disposición adicional única


O Goberno aprobará as modificacións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento da presente Lei no prazo de tres meses dende a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza




Disposición Final Primeira

A presente lei entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOE.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI DE RETORNO SOCIAL DA PRODUCCIÓN ELÉCTRICA

-Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

-Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2018

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Galicia conta con case 1.500 quilómetros de costa, que vai desde o concello de Ribadeo, na provincia de Lugo ata o concello da Guarda, na provincia de Pontevedra, e ademais conta con multitude de entrantes e saíntes e illas pequenas.

A costa galega en xeral, é escarpada sobre todo no norte da provincia da Coruña e a Mariña lucense, e con descensos pouco suaves na provincia de Pontevedra.

As rías galegas teñen unha gran importancia pesqueira, contribuíndo a que a costa galega sexa unha das zonas pesqueiras máis importantes do mundo, polo que hai que buscar a interacción entre os turistas e as xentes do mar para que compartan as experiencias e a cultura mariñeira.

Como dicía Álvaro Cunqueiro, Galicia é “o país dos dez mil ríos” cando se refería á nosa paisaxe e idiosincrasia, debido a grande cantidade de cursos fluviais. Tamén conta con moitos encoros, que aparte da produción de enerxía eléctrica, son navegables para pequenas barcas e propicia a celebración de festas semi-acuáticas.

No plano turístico, sabemos que a costa galega é visitada por unha multitude de turistas, xa que, as excelentes praias e as súas magníficas vistas son incentivos máis que suficientes para atraer a visitantes. Ademais, os deportes navais e náuticos están a ter cada vez máis auge e estanse a organizar cada vez mais campionatos en territorio galego, atraendo tanto a novos deportistas como a deportistas xa consolidados de ámbito nacional e internacional.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten pensado a Xunta de Galicia elaborar un estudo de impacto socioeconómico sobre o turismo mariñeiro e deportes náuticos e de risco en Galicia e como repercute nos demais sectores en Galicia, en caso afirmativo, en que prazo?

2ª) De que maneira esta promocionando e impulsando as novas formas de “*Blue Economy*”, principalmente o turismo mariñeiro e deportes náuticos e de risco?

3ª) Cales son as rutas e actividades que está promocionando e impulsando a Xunta de Galicia, no turismo mariñeiro e deportes náuticos e de risco, especificadas por concello?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/10/2018 18:45:43

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/10/2018 18:45:53

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª

Con motivo do próximo Xacobeo 2021 e a separación da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria en dúas, cremos conveniente realizar un exhaustivo seguimento sobre as operacións, investimentos e melloras que se están a realizar nos diferentes tramos dos distintos camiños de Santiago. A incorporación do Camiño de Inverno e o crecente aumento de afluencia peregrina noutros camiños distintos ao Camiño francés fan desta proposta de resolución unha proposta firme que ofrecerá maior información aos diferentes negocios con intereses nas rutas xacobeas, así como aos seus usuarios.

Co fin de ter un “mellor Xacobeo da historia”, en palabras do presidente Feijóo, é preciso ofrecer información actualizada e continua do que se está a facer. Un maior control democrático das actuacións da Xunta de Galicia en materia xacobeas vese como imprescindible a tan só un ano e medio escaso.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as accións previstas pola Xunta de Galicia para potenciar as actuacións nos camiños de Santiago, antes da celebración do Xacobeo 2021?

2ª) Cales son os investimentos previstos pola Xunta de Galicia para potenciar as actuacións nos camiños de Santiago, antes da celebración do Xacobeo 2021?



Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/10/2018 18:47:19

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/10/2018 18:47:26

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A Xunta de Galicia aprobou no ano 2016 o programa de impostos cero no rural, que no ano 2017 complementou con novas medidas para a adquisición de vivenda no medio rural para determinados colectivos.

O dito programa persegue, segundo establece a propia Xunta de Galicia, por unha banda, favorecer a mobilidade de terras, propiciando a súa transmisión ao sector agrario, e facilitar que as explotacións accedan ao solo agrario con menos custe, para o cal se establece unha dedución do 100 % na cota das transmisións inter vivos e agrupacións de solo rústico e nas transmisións de explotacións agrarias de carácter prioritario para calquera contribuínte que adquira ou agrupe en Galicia solo rústico sen construción.

No que atinxe á adquisición de vivenda no medio rural para determinados colectivos, o obxectivo é fomentar a adquisición de vivenda naquelas zonas do territorio galego que se atopen despoboadas, coa finalidade de promover o asentamento con carácter permanente e, dende o 10 de febreiro de 2017, poderán beneficiarse dunha dedución na cota do 100 % determinados colectivos que adquiren a súa vivenda no eido rural, ás persoas con discapacidade igual ou superior ao 65 %, ás familias numerosas e aos mozos menores de 36 anos beneficiarios dos tipos bonificados con límites en atención ao prezo de adquisición da vivenda e aos niveis de patrimonio dos contribuíntes.

Na Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas establécense beneficios fiscais sobre dous tributos cedidos polo Estado, o Imposto sobre a renda das persoas físicas e o Imposto sobre o patrimonio, para determinadas situacións relacionadas co investimento agrario. Así no artigo 1. Imposto sobre a renda das persoas físicas, engádese un novo número quince ao artigo 5 do Texto refundido para a dedución por investimento en empresas

agrarias e sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra, pola que os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite conxunto de 20.000 euros, determinadas cantidades cunha serie de requisitos contidos no dito artigo.

E, ao respecto do Imposto sobre o patrimonio, establecido no artigo 2, modifícase o artigo 13 ter, nos puntos 2, 3, 4 e 5 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

No punto dous establécese unha dedución por investimento en sociedades de fomento forestal, pola que entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base imponible se inclúren participacións nas sociedades de fomento forestal reguladas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, o contribuínte poderá aplicar unha dedución do 100 % na parte da cota que proporcionalmente corresponda aos devanditos bens ou dereitos, coa obriga de que as ditas participacións se deben manter no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de cinco anos seguintes á súa adquisición.

No punto Tres establécese unha dedución pola participación no capital social de cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra, pola que se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base imponible se inclúren participacións no capital social de cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra ás que se refire a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, o contribuínte poderá aplicar unha dedución do 100 % na parte da cota que proporcionalmente corresponda aos devanditos bens ou dereitos, co requisito da obriga de manter as ditas participacións no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de cinco anos seguintes á súa adquisición.

No punto Catro establécese unha dedución pola afectación de terreos rústicos a unha explotación agraria e arrendamento rústico, pola que se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base imponible se inclúren terreos rústicos afectos a unha explotación agraria, o contribuínte poderá aplicar unha dedución do 100 % na parte da cota que proporcionalmente corresponda aos devanditos bens ou dereitos, sempre que estean afectos á explotación agraria polo menos durante a metade do ano natural

correspondente á devindicación e a explotación agraria deberá estar inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

E, no punto Cinco, establécese unha dedución pola participación nos fondos propios de entidades agrarias se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base imponible se inclúren participacións nos fondos propios de entidades cuxo obxecto social sexan actividades agrarias, de xeito que o contribuínte poderá aplicar unha dedución do 100 % na parte da cota que corresponda ao valor das participacións.

A explotación agraria deberá estar inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

As participacións adquiridas deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de cinco anos seguintes á súa adquisición. No caso de créditos, estes deben referirse ás operacións de financiamento cun prazo superior a cinco anos, sen que se poida amortizar unha cantidade superior ao 20 % anual do importe do principal prestado.

Estas deducións serán incompatible coa aplicación para os mesmos bens das exencións do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, aínda que a dita exención sexa parcial.

Pasados dous anos desde o inicio da implantación do programa de impostos cero no rural a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o impacto económico acadado coa implantación de cada unha destas medidas?

2ª) Cal é o impacto social, medido en asentamento de poboación no medio rural, coa implantación destas medidas?

3ª) Cal é a valoración do Goberno galego sobre a implantación destas medidas?



Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/10/2018 11:03:46

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/10/2018 11:03:54

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/10/2018 11:04:03

Raúl Fernández Fernández na data 19/10/2018 11:04:12

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Na información facilitada pola propia Xunta de Galicia ao respecto das transferencias orzamentarias, se reflicte unha preocupante diminución da partida 12.05.313A.4600, do programa dirixido á xuventude e correspondente ás axudas ás entidades locais, por importe de 517.833,19 €, a través dos seguintes movementos:

1. Expediente TR-12-038-18, sobre transferencia de crédito entre os capítulos IV e II do orzamento de gastos da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, por importe global de 382.930€, co obxecto de financiar un incremento de gastos da Campaña de Verán 2018, polo que se dan de baixa 339.057€ da partida 12.05.313A.4600. Axudas a entidades locais co obxecto de incrementar as partidas:

12.05.313A.22799. Traballos realizados por outras empresas 317.825 €

12.05.313A.223. Transporte 36.620 €

12.05.313A.22105. Subministración de produtos alimenticios 13.485 €

12.05.313A.22104. Subministracións vestiario 15.000 €

2. Expediente TR-12-043-18, sobre transferencias de crédito co obxecto de financiar necesidades adicionais de persoal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado na época estival por importe total de 215.829,73 €, polo que se dan de baixa 178.776,19 € da partida 12.05.313A.4600 Axudas a entidades locais co obxecto de incrementar a partida 12.05.313A.13100. Retribucións básicas en 215.829,73€

Dado que o total da partida con destino ás corporacións locais no programa de servizos á xuventude tiña unha consignación inicial para 2018 de 1.101.627 €, as baixas referidas supoñen unha diminución de case que a metade da consignación establecida para o 2018.

Ao mesmo tempo que parece indicar unha falla inexplicable sobre as previsión da Xunta de Galicia sobre os gastos a financiar, ao ter que percorrer a unha transferencia entre partidas para facer fronte a cuestións que deben estar perfectamente contempladas xa nos orzamentos aprobados.

Igualmente, é descoñecido se estas rebaixas da partida referida está previsto que se recuperen no futuro do actual exercicio con outras subas e, neste caso, con cargo a que partidas se vai a financiar.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre esta diminución da partida 12.05.313A.4600. de axudas a entidades locais?

2ª) Considera o Goberno galego que as entidades locais teñen unha situación financeira axeitada que lles permita deixar de percibir 517.833,19 €?

3ª) Cal é o obxecto final destas contías orzamentarias?

4ª) Por que non existía a necesaria consignación para tales gastos?

5ª) En que medida e con cargo a que partidas contempla no seu caso o Goberno galego a compensación neste ano das contías rebaixadas?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2018



Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/10/2018 11:04:26

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/10/2018 11:04:33

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Xoaquín Fernández Leiceaga, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O Consello de Ministros aprobou o 19 de xullo a proposta formulada polo Ministerio de Facenda sobre os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das comunidades autónomas para o período 2019-2021, outorgando deste xeito unha maior marxe fiscal aos gobernos rexionais, establecendo un obxectivo de déficit dun -0,3 % do PIB, e un obxectivo de endebedamento dun 23,7 % para 2019. Proposta que foi remitida ao Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e aprobada o 27 de xullo, non sendo posteriormente avalada polo Congreso dos Deputados; polo que, tal e como establece o artigo 15 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, remitiuse novamente unha nova proposta ao Consello de Política Fiscal e Financeira que foi aprobada o 22 de agosto con 8 votos a favor (Andalucía, Asturias, Cantabria, Comunidade Valenciana, Aragón, Castilla-La Mancha, Extremadura e Baleares) e 6 votos en contra (Galicia, A Ríoxa, Murcia, Canarias, Madrid e Castela e León).

Esta senda, proposta á Comisión Europea, implica unha flexibilización do obxectivo de déficit en dúas décimas máis en 2019 para as comunidades autónomas respecto da senda anterior, o que supón para Galicia uns 60 millóns de euros máis cos que potenciar servizos públicos como a Sanidade, a Educación e os Servizos Sociais, é dicir, mellorar o benestar social dos galegos e das galegas.

O Goberno galego votou en contra no Consello de Política Fiscal e Financeira nas dúas ocasións coa xustificación de que “Galicia mantén a súa postura fronte á senda de déficit proposta polo Goberno central para 2019 porque implica máis débeda para os galegos”, segundo o comunicación publicada pola Xunta de Galicia o 22 de agosto.

Por iso a deputada e os deputados que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que Galicia non está en condicións de poder flexibilizar a senda de déficit proposta polo Goberno central para os exercicios 2019, 2020 e 2021?



Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/10/2018 11:04:49

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/10/2018 11:04:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/10/2018 11:05:04

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión da **CRTVG**.

Este ano 2018 a CRTVG emitiu integramente, por primeira vez en 36 anos, o 12 de outubro, o desfile das forzas armadas con motivo da chamada “Fiesta Nacional de España”, dedicando dúas horas de programación a este evento que é emitido integramente pola TVE para todo o Estado.

É un principio inspirador da comunicación audiovisual da CRTVG a defensa da identidade de Galicia e, polo tanto, a retransmisión de eventos representativos da sociedade galega.

A retransmisión dun desfile militar que xa está a ser retransmitido por unha canle pública estatal semella unha decisión política, non informativa.

Asemade, o Comité intercentros da CRTVG denuncia que foron altos cargos da Dirección de Informativos os que dirixiron a retransmisión, marcando liña editorial de contidos e comentario sen marxe de pluralidade.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta:

- Que motivou a retransmisión do desfile das forzas armadas o 12 de outubro por parte da TVG?

- Por que dirixiron a retransmisión altos cargos da Dirección de Informativos?



Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 19/10/2018 11:24:40

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.^a**

En agosto deste ano, a ex-conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, asinou coas organizacións agrarias e cooperativas un documento no que se reflexaba a postura institucional do Goberno cara a reforma da política agraria común (PAC). O documento foi entregado ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que as achegas de Galicia estiveran presentes na posición de España como Estado membro da Unión Europea (UE). No texto reclamábase un único plan estratéxico por Estado para as axudas da PAC, que recollera as singularidades de cada comunidade autónoma. Así, a Xunta fixaba “a postura da Comunidade Autónoma ante a futura Política Agraria Común, ao obxecto de que a mesma garanta a consecución dun sector agrario rexional rendible, sustentable e innovador, que fixe poboación no medio rural”.

No punto primeiro do documento dicíase literalmente “1) A Comisión mantén a proposta de que cada país deseñe un modelo propio de aplicación elaborando un plan estratéxico nacional dando máis capacidade aos estados membros para adaptar a PAC á súa realidade territorial, produtiva e sectorial”.

Máis adiante, engadíase: “Consideramos imprescindible que tal como establece o proxecto de Regulamento haxa un único Plan estratéxico da PAC por Estado membro. (...) O novo regulamento debe establecer criterios uniformes para todos os estados”.

Recentemente, o actual conselleiro de Medio Rural, José González, acudiu ao Consello de Ministros de Agricultura da UE acompañado polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas. No Consello defendeu a posición que se expuxera no documento, polo que, oficialmente, Galicia apostou diante de Europa por un único plan estratéxico por Estado que tivera en conta as singularidades autonómicas, co obxecto de simplificar a tramitación e garantir a igualdade de oportunidades entre os beneficiarios. Isto podería ter sido doutra maneira moi distinta, como demostraron Cataluña e o País Vasco, que optaron por propoñer un plan estratéxico da PAC propio. Esta iniciativa xa a contempla a Comisión Europea, que permite plans estratéxicos rexionais adaptados ás necesidades dos territorios. Non fai falla subliñar que contar cun plan propio para Galicia sería de moito proveito, xa que se adaptaría mellor ás nosas peculiaridades e as nosas necesidades específicas.

Porén, o Goberno da Xunta optou por demandar un único plan estratéxico, na liña do que xa fixera o anterior goberno central, así como o actual. Isto contradí a vontade expresada por Medio Rural de atender ás diferencias e especificidades de cada comunidade.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a

Non considera o Goberno galego que sería máis axeitado que Galiza conte cun plan estratéxico propio de cara ao vindeiro período da PAC, que tivese en conta as características propias do país?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018.



Asdo.: Antón Sánchez García

Davide Rodríguez Estévez

Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 19/10/2018 12:21:28

David Rodríguez Estévez na data 19/10/2018 12:22:30



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

O pasado 17 de outubro de 2018 coñeceu pola prensa que o fiscal xefe de Ourense, Florentino Delgado, tiña interposto unha querela contra a secretaria xeral técnica e de Patrimonio da Consellaría de Facenda, M^a del Perpetuo Socorro M.H. e o subdirector de Patrimonio, Pablo Jacobo M.P., considerando a existencia de posíbel delito de coaccións inmobiliarias conducentes a forzar a expulsión duns arrendatarios ourensáns acollida a unha renda antiga, mediante a retirada e devaluación de servizos básicos.

Varias persoas serían vítimas dunha serie de prácticas abusivas destinadas a presionar e intimidar as persoas inquilinas do número 1 da rúa da Habana, un edificio situado no centro de Ourense, dirixidas desde a Consellaría de Facenda.

A Fiscalía establece unha serie de circunstancias que, de verificarse, serían de extrema gravidade, como o non arranxo dun ascensor como medida de presión, a falta de limpeza e mantemento, etc que revisten máis gravidade e



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aleivosía se temos en conta que a Xunta de Galiza tiña tentado o desaloxo, desbotado pola xustiza, no 2014.

A Xunta ten negado as acusación. Porén, cómpre avaliar se foi negligencia e incompetencia ou se se trata dunha cuestión premeditada. Independentemente do resultado xudicial, é evidente que unha situación tan grave require de responsabilidades políticas, pois as propias fotografías coñecidas demostran un desleixo e desamparo inadmisíbeis que poñen en entredito o traballo de toda a Consellaría de Facenda.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Que medidas de depuración de responsabilidade política tomou a Xunta de Galiza diante dos graves acontecementos relativos a un presunto acoso inmobiliario?

-Cando coñeceu a Consellaría de Facenda esta situación? Que medidas tomou?

-Coñecida a denuncia da fiscalía, apartou a Xunta estas persoas da súa responsabilidade? Tomou algunha iniciativa a respecto dunha investigación interna ou similar?

-Cal é a valoración da Xunta de Galiza deste tipo de prácticas?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 12:55
Nº Rexistro: 39181
Data envío: 19/10/2018 12:55:57.096

- En que data foi retirado o servizo de limpeza? Por que razóns?
- En que data foi retirado o servizo de mantemento? Por que razóns?
- Como explica a demora na cuestión do ascensor?
- Ten feito unha avaliación de seguridade industrial das instalacións?
- Ten o edificio feita a ITE?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 12:55
Nº Rexistro: 39181

Data envío: 19/10/2018 12:55:57.096

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2018 12:50:00

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2018 12:50:05

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2018 12:50:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2018 12:50:08

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2018 12:50:09

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2018 12:50:11

Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo, Carmen Santos Queiruga e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8.^a**

O colexio Xulio Camba do Concello de Vilanova leva demandando a ampliación do seu recinto máis dunha década. A petición vén motivada pola necesidade de adecuar o espazo ao incremento paulatino do alumnado e aos desdobramentos dos grupos, que precisan de varias aulas dispoñibles. Ademais, os pais e nais dos rapaces queren que a instalación conte cun comedor escolar que, na actualidade, non tería oco en ningures.

O proxecto de ampliación foi redactado xa no ano 2007, fai agora once anos, pero aínda non foi executado. O alcalde do Concello bóttalle a culpa da parálise a Costas del Estado, xa que o terreo no que se asenta o colexio lle pertence. Dende Vilanova, estívose negociando durante anos a desafección do lugar, pero sen ningún éxito.

A desafección dos terreos non só afectaría ao colexio Xulio Camba, tamén se atopan nel a praza e un pavillón de máis de 20.000 metros cadrados, polo que, para calquera arranxo ou nova edificación, lle teñen que pedir permiso a Costas del Estado.

Nunha situación semellante atópase a zona do cabo, que, sen ter nada que ver co porto, pertence a Portos de Galicia.



Así, o que observamos é que o pobo de Vilanova se atopa fragmentando e dividido entre tres administracións (portos, costas e concello), o que da lugar aos previsibles conflitos competenciais. Esta situación non é, nin moito menos, excepcional en Galicia, senón que afecta a moitos concellos costeiros.

Polo que respecta a En Marea, entendemos que estas zonas teñen que pasar a ser competencia municipal, xa que son os concellos os que están máis en contacto con elas e coas necesidades dos veciños e veciñas que os habitan no día a día.

Por todo o exposto as deputadas asinantes presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 8.^a**, pola Xunta de Galicia:

- Pensa facer algo a Xunta de Galicia para solucionar a situación na que se atopa atrancada o colexio Xulio Camba dende fai máis dunha década?
- Vaise manter ao marxe aínda que o colexio non poida facer fronte ao aumento continuado do alumnado?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araujo

Carmen Santos Queiruga

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:



Carmen Santos Queiruga na data 19/10/2018 13:05:46

Paula Quinteiro Araújo na data 19/10/2018 13:05:50

Julia Torregrosa Sañudo na data 19/10/2018 13:06:01

Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena, Paula Vázquez Verao e Paula Quinteiro Araújo, deputadas do Grupo Parlamentar de en Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a de Sanidade.**

A gripe non supón un grave risco para a meirande parte das persoas, pero si para algúns colectivos vulnerables, que poden chegar a padecer patoloxías severas e complicacións mortais. Comprobámolo, de novo, o pasado inverno, no que se rexistraron máis de 250 falecementos só en Galicia, segundo os datos do Sergas. O incremento con respecto ao ano 2017, no que morreron 138 persoas, é máis que notable. Os números tamén son preocupantes se reparamos nos ingresos hospitalarios. O ano pasado foron 3.841 pacientes, case o dobre que a tempada anterior. O 6,25% deles precisaron asistencia en unidades de coidados intensivos.

Aínda que as cifras se explican parcialmente pola duración da epidemia, que no 2018 foi de quince semanas fronte ás oito de 2017, cómpre preguntarse cantas defuncións se poderían ter evitado cunha mellor educación sanitaria e con máis medios nos dispositivos de asistencia que van dende atención primaria ata as urxencias hospitalarias.

Non é un segredo que a situación da sanidade galega precisa dunha pronta mellora. Os traballadores e traballadoras e as centrais sindicais, así como os colectivos de defensa da sanidade pública levan anos alertando da situación de precariedade que afrontan os centros sanitarios galegos. O seu persoal quédase curto durante gran parte de ano, pero a falta de profesionais agrávase cando se producen picos de enfermidades.

A chegada da gripe é inminente e inevitable, pero a súa abordaxe é programable tendo en conta os coñecementos dispoñibles de epidemioloxía e saúde pública. Non pode ser que, como sucedeu outros anos, no momento do pico se produza un colapso dos dispositivos asistenciais. A sanidade precisa máis medios para que algo semellante non volva acontecer.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

- 1.^a) Dispón a Xunta de Galicia dalgún plan de continxencia que contemple o repunte estacional de gripe?
- 2.^a) Vai o Goberno galego dotar de suficientes recursos humanos e de medios materiais necesarios (como, por exemplo, camas) os dispositivos asistenciais ante a próxima aparición da epidemia para evitar os colapsos habituais?
- 3.^a) Como pensa mellorar a porcentaxe de vacinación para acadar, polo menos, os seus propios obxectivos?
- 4.^a) Que valoración fai das defuncións e hospitalizacións causadas pola gripe o ano pasado? Cree que con máis prevención e medios humanos e materiais se terían evitado algunhas delas, ou pensa que a prevención e o persoal sanitario son irrelevantes?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Vázquez Verao

Paula Quinteriro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 22/10/2018 10:17:42

Paula Quinteiro Araújo na data 22/10/2018 10:17:51

Paula Vázquez Verao na data 22/10/2018 10:18:02



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2018 11:02
Nº Rexistro: 39207
Data envío: 22/10/2018 11:02:49.086

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ás condicións laborais e de seguridade industrial e laboral nas obras do AVE no territorio galego, con especial atención a Ourense, e as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego.

Recentemente, outra morte no mes de outubro dun operario das obras do AVE que volcou en Laza (Ourense) sumado a recentes incidentes con lesións non causantes de morte, volven levantar dúbidas sobre a seguridade e as condicións laborais que se dan neste tipo de obra, unha situación especialmente grave por ser de financiamento público.

Cómpre recordar que con esta persoa son xa nove persoas falecidas na construción da presunta alta velocidade ao seu paso por Galiza durante case unha década. Unha cifra que non se pode permitir e o sindicato CIG xa avanzou a súa intención de volver denunciar penalmente esta situación.

Unha das cuestións que permanentemente saltan á vista é o abuso de xornadas irregulares e excesivas. Non en van, hai menos dun mes tamén se coñecía a condena a seis empresas construtoras do AVE entre Ourense e o Estado por adebedar até mil horas extraordinarias a un obreiro que tiña levado a cabo xornadas de ata doce horas diarias mesmo seis días á semana. Un exemplo da situación esclavista que se dá nesta zona,



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2018 11:02
Nº Rexistro: 39207
Data envío: 22/10/2018 11:02:49.086

onde tamén a proximidade a Portugal e a falta de inspección facilita a sobreexplotación de traballadores transfronteirizos.

O que sucede nestas obras é o resultado da sobreexplotación no sector da construción, sen que Inspección, Fomento ou Xunta de Galiza activen os mecanismos dos que dispoñen para evitalo, o que supón unha actitude temeraria e convertérense en parte fundamental do problema.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Que actuacións vai impulsar a Xunta de Galiza para atallar a grave situación laboral e de seguridade que se están a dar nas obras do AVE en Galiza, especialmente en Ourense?

-Cantas veces e con que contido se dirixiu a Xunta de Galiza á Inspección con motivo das obras do AVE en Ourense? E con motivo doutras zonas do país? Con que resultado?

-Cantas veces e con que contido se dirixiu a Xunta de Galiza ao Goberno Central con motivo das obras do AVE en Ourense? E con motivo doutras zonas do país? Con que resultado?

-Como valora a Xunta de Galiza a sinistralidade laboral nestas obras? Fai un seguimento específico? De que forma? Cales son as razóns?

-Ten diálogo a Xunta de Galiza coas forzas sindicais a respecto desta cuestión? Por que medios e con que resultados?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2018 11:02
Nº Rexistro: 39207
Data envío: 22/10/2018 11:02:49.086

-Considera que a situación é froito da sobreexplotación no sector da construción? Que vai facer para evitalo?

-Xulga o goberno galego necesario emprender accións legais? Por que motivo?

-Xulga o goberno galego necesario emprender inspeccións específicas frecuentes? Por que motivo?

-Xulga o goberno galego necesario emprender unha auditoría de seguridade industrial? Por que motivo?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/10/2018 10:59:15



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2018 11:02
Nº Rexistro: 39207
Data envío: 22/10/2018 11:02:49.086

María Montserrat Prado Cores na data 22/10/2018 10:59:21

Ana Pontón Mondelo na data 22/10/2018 10:59:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/10/2018 10:59:24

Olalla Rodil Fernández na data 22/10/2018 10:59:26

Xosé Luis Bará Torres na data 22/10/2018 10:59:27

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estevez, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira, e Paula Quinteiro Araujo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión 7.^a, sobre a implantación dun servizo único e público de prevención extinción de incendios forestais.

O número de incendios que afectaron aos montes galegos durante o mes de outubro de 2017 duplicou as cifras habituais doutros anos nas mesmas datas. Entre o día 14 e o 16 de outubro, Galicia sufriu unha gran vaga de lumes, aos que á Xunta respondeu con improvisación e ineficacia.

Dende En Marea xa denunciáramos en varias ocasións que iso ía pasar, e esa fin de semana de fai un ano dérase o cóctel perfecto: Lumes de segunda xeración, permanente seca, temperaturas elevadas, humidade, velocidade do vento, actividade incendiaria... xunto coa eucalíptización, abandono do rural, falta de ordenación, nula política preventiva, etc. Todo iso deu un resultado catastrófico: 4 persoas falecidas e aproximadamente 49.000 hectáreas calcinadas.

Se algo amosaron os lumes deses días foi a total e absoluta falta de previsión da Xunta, así como unha improvisación intolerable. Agora, cumprido un ano desa trágica fin de semana, cómpre avaliar o acontecido neste tempo.

Nesa fin de semana foron de destacar tanto os fallos no dispositivo contra incendios (faltou organización, coordinación e disposición de medios) como no actual modelo forestal que temos en Galicia, na información á poboación, etc. Non se soubo afrontar a emerxencia nin nas vilas nin nas cidades.



Esa fin de semana fallou o dispositivo, constatándose que a Xunta de Galicia obvia as súas obrigas nesta materia, por unha banda porque o servizo de Emerxencias de Galicia está totalmente desregulado e segregado e por outro lado, porque a Lei de Emerxencias de Galicia atópase sen desenrolar dende fai máis de dez anos.

A Xunta e a delegación do Goberno en Galicia insistiran en que houbo control da situación e que foron máis de 5.000 os efectivos que estiveron traballando para sufocar os incendios desas datas, unhas cifras que para nada coincidían coas que aportaron os profesionais dos servizos de emerxencia: Houbo falta de medios por non ser quen dende o goberno de xestionar algo tan elemental como as contratacións de servizos de acordo coas esixencias da realidade, alén das rémoras orzamentarias ou legais, o que mermou o servizo en 936 persoas entre as traballadoras do SPDCIF e de SEAGA, ás que houbo que engadirlle as brigadas dos concellos que xa extinguiran os contratos. Iso provocou que non se tiveran previsións suficientes de persoal de terra e ataque para as extincións. Tampouco se dispuña das brigadas helitransportadas da Xunta porque non se prorrogou o tempo de contrato dos helicópteros. Non se cubriron as baixas, polo que os equipos estaban baixo mínimo nesa época. Despois de non prorrogarlles antes os contratos a sabendas da situación de risco, o sábado 15 de outubro, persoal adscrito ao SEAGA era informado da prórroga no seu tempo de servizo por un prazo de quince días (que posteriormente lles volverían prorrogar ata o 12 de novembro), retomando o traballo o domingo, case sen contar nin con material preciso. Os axentes de medio ambiente estiveron en adscrición obrigada a incendios ate o día 30 de setembro, e a pesares da situación de risco non se lles prorrogou a adscrición, como consecuencia, aínda que neses momentos estiveran de garda, non podían realizar esas funcións. E así a todo, dende a Xunta non foron quen de recoñecer a desestacionalización dos lumes.



Esa desidia por parte da Xunta deu e segue dando lugar a que cada concello, deputación e incluso a propia Xunta teñan que crear diferentes corpos para prestar estes servizos, dando lugar a un conglomerado difícil de entender e de xustificar, precario e desorganizado, conformado por: bombeiros públicos en concellos de máis de 20.000 habitantes (funcionarios de carreira), bombeiros comarcais -públicos e privados-, Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), bombeiros forestais do SPDCIF, municipais, da empresa SEAGA, da empresa TRAGSA, exército, protección civil, CIAE 112, etc.

Esta atomización fai moi complicado realizar unha xestión rápida, eficiente e coordinada, producindo problemas gravísimos de comunicación (mesmo entre os distintos entes que operan nun incendio), burocracia excesiva, tempos inadmisibles de resposta, etc. Ao que se lle debe engadir unha formación precaria e desregulada, a falta de protocolos de promoción e procedementos unificados de traballo, etc.

Durante o Pleno do Debate do Estado da Nación, o presidente da Xunta manifestou que “que a extinción e prevención dos incendios sexa pública recórdame aos soviets da Unión Soviética”, deixando claro que a idea do seu goberno é continuar sometendo aos servizos de emerxencias a unha progresiva perda de dereitos laborais a través de externalizacións.

Galicia arderá mentres haxa empresas que saquen beneficio do lume. Nin os medios aéreos nin os parques de bombeiros poden ser privados. O servizo de prevención e loita contra o lume en Galicia debe ser único e público.

A Xunta debe facer autocrítica e poñer en marcha medidas urxentes que aborden o problema dos incendios forestais de maneira global e que aposten por unha ordenación territorial sostible, un cambio de modelo forestal e un rural vivo. De non facelo, situacións como a desa dramática fin de semana do outubro pasado poderían repetirse.



O goberno debe deixar de lado a autocomplacencia e tomarse en serio a nosa política forestal, o noso territorio, e o noso servizo de prevención e extinción de incendios, pois negámonos a que a veciñanza teña que volver a vivir unha fin de semana trágica como aquela, onde moita xente apagou o lume coas súas propias mans, onde houbo falecidos... mentres o presidente da Xunta dicía que non pasaba nada.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a:

- Ten previsto a Xunta de Galicia tomar as medidas oportunas para implantar de xeito real e efectivo a xestión cen por cen pública do servizo de prevención e extinción de incendios?
- Garantirá a Xunta a suficiencia de persoal e medios materiais no servizo de prevención e extinción de incendios?
- Ten previsto a Xunta rematar coa atomización e externalizacións do servizo de prevención e extinción de incendios?

Santiago de Compostela a 19 de outubro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 22/10/2018 10:59:14



Antón Sánchez García na data 22/10/2018 10:59:23

Luis Villares Naveira na data 22/10/2018 10:59:31

Paula Quinteiro Araújo na data 22/10/2018 10:59:38

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trénor López, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Teresa Egerique Mosquera e Marián García Míguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

O pasado 16 de outubro celebrábase en Madrid unha nova xuntanza do Consello Nacional da Auga, un foro do que forman parte a Administración xeral do Estado, as Comunidades Autónomas, os entes locais e os organismos de conca, ademais de organizacións profesionais e económicas relacionadas coa auga, así como entidades empresariais e sindicais do sector e grupos ecoloxistas.

Coñecemos que, entre os asuntos abordados nese encontro estiveron os plans de prevención das inundacións e os plans especiais contra a seca, cuestións de máximo interese para o Goberno galego, dado o actual contexto de cambio climático e tendo en conta as situacións que se viviron non hai tantos meses, en particular, nos concellos que se alimentan dos recursos hídricos procedentes dos encoros de Eiras e de Zamáns.

Neste Grupo Parlamentario consideramos prioritario que as distintas administracións traballen de forma conxunta para evitar posibles situación de seca que deriven en falta de abastecemento á poboación, de competencia municipal, adoptando as medidas preventivas oportunas para tratar de evitar no futuro estas situacións.

Sabemos que desde o Goberno galego se está a traballar nunha serie de medidas e ferramentas comúns para actuar ante episodios de seca, pero tamén somos conscientes da necesidade de que todas estas actuacións deben ser consensuadas e coordinadas entre as distintas administracións afectadas.

Neste sentido, no marco do recente Debate sobre o Estado da Autonomía, desde este Grupo Parlamentario presentamos unha Resolución instando á Xunta a elaborar e acordar coas entidades locais e a Administración Xeral do Estado unha estratexia para garantir o abastecemento á poboación ante situacións de seca, prestando especial atención a aquelas zonas que poidan presentar unha maior vulnerabilidade, como pode ser o caso das poboacións que se abastecen dos encoros de Zamáns e Eiras.

E por isto que os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas está a impulsar a Xunta de Galicia para garantir o abastecemento de auga á poboación ante posibles episodios de seca, en especial, naquelas zonas nas que os sistemas de abastecementos presentan unha maior vulnerabilidade?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 22/10/2018 12:34:42

Jaime Castiñeira Broz na data 22/10/2018 12:34:53

Martín Fernández Prado na data 22/10/2018 12:34:59

Jacobo Moreira Ferro na data 22/10/2018 12:35:09

Marta Novoa Iglesias na data 22/10/2018 12:35:20

María Julia Rodríguez Barreira na data 22/10/2018 12:35:27

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 22/10/2018 12:35:38

Teresa Egerique Mosquera na data 22/10/2018 12:35:46

María Ángeles García Míguez na data 22/10/2018 12:35:58

Á Mesa do Parlamento

Carlos Gómez Salgado, Moisés Blanco Paradelo, Daniel Vega Pérez, Raquel Arias Rodríguez, Miguel Prado Patiño, Rosa Oubiña Solla e Jacobo Moreira Ferro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O programa Leader persegue un desenvolvemento rural baseado na participación da poboación do territorio, integrando nel todos os recursos e actores económicos e humanos existentes. Para asegurar esa participación da sociedade rural creáronse en Galicia 24 GDR, con socios públicos e privados, que seleccionan os proxectos que lles permiten desenvolver as súas estratexias de desenvolvemento rural. Estes grupos son o elemento básico da metodoloxía Leader de abaixo cara arriba, coas súas estratexias que definen no ámbito rural e determinan as liñas concretas de aplicación das axudas e os proxectos para financiar.

Só na anualidade 2017-2018 inxectáronse preto de 20 millóns de euros en máis de 300 proxectos en toda Galicia. Todos eles contribúen a dinamizar o noso rural co obxectivo último de asentar poboación nel.

A asignación total da medida Leader para o período 2014-2020 é de 84 millóns de euros. Os seus principais obxectivos pasan por mellorar as condicións para crear e manter emprego no medio rural e dotar de servizos a poboación destas zonas, favorecendo a mellora do seu nivel de vida, a inclusión social e a redución da pobreza. Trátase tamén de favorecer a ocupación sustentable do territorio, prestando atención especial aos colectivos máis desfavorecidos, como as mulleres, os mozos, as persoas con discapacidade ou as persoas maiores.

Outros fins que se perseguen son os de garantir a sustentabilidade da actividade no rural, mediante o coidado e a utilización adecuada dos recursos naturais, potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio e contribuír á concienciación e adaptación ante o cambio climático, fomentando o uso de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance do programa Leader nestes dous últimos anos, no tocante as execucións e posta en marcha dos plans, a tipoloxía de actuacións e os investimentos realizados?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Carlos Gómez Salgado na data 22/10/2018 12:38:19

Moisés Blanco Paradelo na data 22/10/2018 12:38:28

Daniel Vega Pérez na data 22/10/2018 12:38:35

Raquel Arias Rodríguez na data 22/10/2018 12:38:45

Jesús Miguel Prado Patiño na data 22/10/2018 12:38:52

Rosa Oubiña Solla na data 22/10/2018 12:39:05

Jacobo Moreira Ferro na data 22/10/2018 12:39:17

Á Mesa do Parlamento

Carlos Gómez Salgado, Moisés Blanco Paradelo, Daniel Vega Pérez, Raquel Arias Rodríguez, Miguel Prado Patiño, Rosa Oubiña Solla e Jacobo Moreira Ferro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

No programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía de Galicia, a nosa aposta polo medio rural tiña un eixo fundamental: “Acadar a mellora das condicións de vida no medio rural no seu conxunto, abarcando tanto a mellora de infraestruturas e a dotación de servizos básicos, como a axuda á diversificación cara a actividades non agrarias que fagan do rural unha oportunidade de futuro, tanto para aqueles que queiran establecerse como para aqueles que queiran continuar coa súa vida nel”.

En cumprimento dese compromiso electoral, a Consellería do Medio Rural a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) vén de resolver en xuño a convocatoria de axudas a proxectos de investimento en actividades non agrícolas. Esta liña de axuda, que medrou un 27,60% con respecto ao ano pasado, ascende aos 3.726.055 millóns de euros e irá dirixida a pequenas empresas que desenvolvan a súa actividade no rural galego.

Así, nesta convocatoria beneficiaranse empresas que buscan ampliar ou modernizar a súa ocupación por medio da adquisición de maquinaria e equipamento e mellorar así o seu proceso produtivo.

Por provincias as subvencións repartiranse de forma equitativa: 26 empresas na Coruña, 26 en Lugo, outras 26 de Ourense e 37 en Pontevedra. Os seus proxectos suporán un importen inducido no agro galego superior aos 8,2 millóns de euros.

Este gasto suporá un estímulo para xerar emprego nas áreas rurais.

De feito, a previsión é que se creen 96 novos postos de traballo, dos cales 40 estarían ocupados por persoas pertencentes aos colectivos con maior dificultade á hora de atopar traballo: mulleres, menores de 25 anos, desempregados con máis de 55 anos ou persoas con diversidade funcional. Así mesmo, a liña contribuirá a consolidar preto de 1.000 empregos nas empresas beneficiarias.

O prazo final de execución e xustificación rematará o 29 de xuño do 2019. As persoas e entidades beneficiarias deberán xustificar parcialmente os investimentos correspondentes á anualidade 2018 antes do 17 de setembro deste ano.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance dos proxectos non agrarios radicados no medio rural, a tipoloxía das actuacións, o grado de posta en marcha dos mesmos, e execución das axudas?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Carlos Gómez Salgado na data 22/10/2018 12:39:57

Moisés Blanco Paradelo na data 22/10/2018 12:40:24

Daniel Vega Pérez na data 22/10/2018 12:40:32

Raquel Arias Rodríguez na data 22/10/2018 12:40:40

Jesús Miguel Prado Patiño na data 22/10/2018 12:40:47

Rosa Oubiña Solla na data 22/10/2018 12:40:55

Jacobo Moreira Ferro na data 22/10/2018 12:41:02

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

A Fiscalía Xeral de Ourense vén de presentar unha querela contra dous altos cargos da Consellería de Facenda por presuntas coaccións inmobiliarias a Lucila, unha nonaxenaria ourensá que leva anos padecendo presións por parte da Xunta de Galicia para desaloxar a súa vivenda, como xa temos denunciado noutras iniciativas.

Lucila leva dende o ano 1963 vivindo nun piso de renda antiga sito na avenida da Habana, número 1, de Ourense. Trala defunción do seu marido, no ano 1994, asumiu a titularidade do contrato.

No ano 2001, Lucila advertiu que non se lle estaba cobrando o aluguer e que o seu edificio non desfrutaba dos servizos básicos de limpeza e mantemento. Ese mesmo ano, o subdirector de Patrimonio informou a anciá de que o inmovible pasara a ser propiedade da Consellería, e leváronse a cabo as obras e os cambios de instalacións que correspondían.

Porén, a faciana amable do Goberno mudou no ano 2012, cando Socorro Martín Hierro tomou posesión do cargo de secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda. Foi entón cando ela máis o seu subdirector, Pablo Jacobo Moure, decidiron que a Xunta de Galicia debía recuperar a plena posesión



do edificio no que vivían Lucila e outro veciño, fora da maneira que fora, razón pola cal agora están ambos querelados.

A presión sobre Lucila e un veciño seu que residía no mesmo edificio foise incrementando pouco a pouco co paso do tempo. En outubro de 2013, Facenda pediulle a Lucila que abandonase o seu piso. Ela negouse argumentando que a Xunta non lle dera ningunha razón para facelo. Naquel intre suprimíronse subitamente o mantemento das zonas comúns: cesou a limpeza e a reparación dos danos; o alumado deixou de substituírse cando fallaba; e o máis grave: deixouse de manter algo tan fundamental para as persoas maiores como é o ascensor. En poucas palabras, segundo a Fiscalía o Goberno da Xunta de Núñez Feijóo decidiu incumplir as súas obrigas vencelladas á propiedade para desaloxar aos inquilinos pola vía da coacción.

Como non conseguirá os seus obxectivos, no ano 2014 a Consellería adoptou unha nova estratexia: desafuzar aos inquilinos pola vía xudicial. Novamente, o intento de desaloxo fracasou. O xulgado de primeira instancia número 2 de Ourense desestimou a demanda e, cando Facenda recorreu ante a Audiencia, esta deu a razón por segunda vez á anciá en sentenza firme.

Porén, isto non foi dabondo para a Xunta de Galicia, que o 16 de novembro de 2017 contactou con Lucila e o seu veciño para preguntarlles cales serían as condicións nas que aceptarían abandonar a o inmovible. O escrito estaba redactado polo subdirector e asinado pola secretaria. O día 20 de ese mesmo mes, a administración publicou no DOG a convocatoria do concurso para a redacción do proxecto dun edificio de oficinas no inmovible dos dous inquilinos. Dous meses máis tarde, Facenda adxudicou por máis de 30.000 euros as obras de rehabilitación para adaptar o espazo aos servizos administrativos da Xunta, aínda que Lucila e o seu veciño continuaban nas súas respectivas vivendas.



Un mes despois, en febreiro de 2018, a Xunta mandou unha nova carta a Lucila e o seu veciño na procura dunha “solución amistosa” antes de “acudir a vía xudicial”.

Por se non fose o bastante dura, a vida de Lucila complicouse aínda máis o pasado verán. A anciá rompeu a cadeira, polo que non podía subir as escaleiras que levan ao seu piso. Así, tivo que trasladarse a un hotel do centro preto da vivenda da súa filla.

Todo isto é o que levou ao fiscal xefe de Ourense a presentar a querela contra os dous altos cargos da Xunta, por ser eles quen xestionaron o desaloxo frustrado recorrendo á coacción institucional.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Como explica a Xunta de Galicia as coaccións da Consellería de Facenda para desaloxar a Lucila e ao seu veciño?
- 2.^a) Pensa continuar co intento de desaloxo forzado?
- 3.^a) Vai tomar medidas para apartar dos seus respectivos cargos aos responsables das coaccións?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018-10-22

Asdo.: Antón Sanchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 22/10/2018 19:23:21

Marcos Cal Ogando na data 22/10/2018 19:23:27



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa a evitar o peche do CAISS de Vilagarcía de Arousa.

Vimos de ter coñecemento de que por parte da Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social se trasladou a seguinte circular:

"Os informamos que por razóns operativas el CAISS de Vilagarcía de Arousa permanecerá cerrado del 25 de octubre al 9 de noviembre, ambos inclusive".

Segundo denuncian os representantes da CIG este peche é debido á falta de axilidade e capacidade da dirección da entidade por non saber atallar a tempo este problema. No Centro de Atención e Información da Seguridade Social de Vilagarcía levan meses nunha situación en precario, traballando baixo mínimos, sobre presión, na que a imaxe da entidade cara a poboación do Salnés se veu deteriorada; @s representantes d@s traballadores/as levan solicitado reunións coa Secretaria provincial sen que teña posto data á mesma.

Resulta evidente que este peche ocasiona un grave prexuízo para @s veciñ@s dos concellos da comarca do Salnés que teñen como referencia esta oficina do CAISS de Vilagarcía de Arousa para realizar as súas xestións, razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 11:19
Nº Rexistro: 39272
Data envío: 23/10/2018 11:19:07.905

-É coñecedor o Goberno galego da intención da Dirección Provincial do INSS de pechar o CAISS de Vilagarcía de Arousa entre o 25 de outubro e o 9 de novembro?

-De ser así que actuacións ten realizado ou vai realizar?

-Vai dirixirse ao Goberno español en demanda de que realice todas as accións precisas para evitar o peche do CAISS de Vilagarcía de Arousa durante o período previsto entre o 25 de outubro e o 9 de novembro?

-Considera asumíbel deixar sen servizo @s veciñ@s da comarca do Salnés?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/10/2018 11:15:18



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 11:19
Nº Rexistro: 39272
Data envío: 23/10/2018 11:19:07.905

Ana Pontón Mondelo na data 23/10/2018 11:15:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/10/2018 11:15:23

Olalla Rodil Fernández na data 23/10/2018 11:15:25

Noa Presas Bergantiños na data 23/10/2018 11:15:27

Xosé Luis Bará Torres na data 23/10/2018 11:15:29

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura.**

Hai pouco tempo, o Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para coeditar, co gallo do Xacobeo 2021, un libro sobre a Catedral compostelán, co importante orzamento de 210.000 euros.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

- 1.- Que condicións se acordaron no citado convenio entre Turismo de Santiago e a catedral?
- 2.- Que cantidade achega a Catedral de Santiago a esta coedición?
- 3.- O investimento de 210.000 euros é a cantidade total do proxecto ou o que achegará a Xunta?
- 4.- Cal é o desglose deste investimento?
- 5.- Cantos exemplares serán editados?
- 6.- Quen é o director ou directora deste proxecto de edición?

Pazo do Parlamento, 22 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/10/2018 11:42:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 11:50
Nº Rexistro: 39273
Data envío: 23/10/2018 11:50:27.204

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/10/2018 11:44:35



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Historicamente moitas das rúas do noso país pertenceron ben ao Estado, ben á Xunta de Galiza, ben ás Deputacións. Froito da evolución da morfoloxía das vilas e cidades, que foron aumentando e expandíndose, moitas delas pasaron a mans dos concellos, mais non a súa totalidade.

No caso do Concello de Ourense, segundo o seu inventario de bens, ten a potestade sobre a meirande parte das rúas da cidade. Porén algunhas delas seguen sendo propiedade doutras administracións. Moitas delas por naceren orixinalmente como travesías posteriormente absorvidas pola evolución do desenvolvemento urbán. Unha delas é a rúa do Progreso.

Con base a isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-É aínda da Xunta de Galiza propiedade a rúa do Progreso de Ourense? En toda a súa extensión?

-Ten avaliado co concello de Ourense a cesión? En que termos?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 12:58
Nº Rexistro: 39279
Data envío: 23/10/2018 12:58:58.929

-Cantos convenios e de que contido e detalle ten asinados con concello respecto desta rúa?

-Cantos acordos ten co Concello para a instalación de mobiliario municipal desde 2015? para que tipo de infraestruturas?

-En que informes técnicos se baseou?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/10/2018 12:56:07

María Montserrat Prado Cores na data 23/10/2018 12:56:12



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 12:58
Nº Rexistro: 39279

Data envío: 23/10/2018 12:58:58.929

Ana Pontón Mondelo na data 23/10/2018 12:56:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/10/2018 12:56:14

Olalla Rodil Fernández na data 23/10/2018 12:56:15

Xosé Luis Bará Torres na data 23/10/2018 12:56:17

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estevez, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a implantación de plans de autoprotección de núcleos rurais en Galicia.

O ano pasado, durante a fin de semana da vaga de lumes que asolou Galicia entre o 14 e o 16 de outubro, a Xunta confirmou que un total de 17 focos dos máis de cen incendios activos na Comunidade Autónoma atopábanse en “Situación 2”, o segundo nivel de emerxencia máis alto, é dicir, que ameazaban núcleos de poboación.

Os bombeiros que acudiron a desaloxar á veciñanza da zona de Chandebrito tras confirmarse unha situación de alerta de nivel 2 atopáronse con dúas persoas falecidas no interior dunha furgoneta, na que se desprazaban cando quedou cercada polo lume nunha zona arborada.

Segundo o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA), a “Situación 2” defínese como unha situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa previsible evolución, poden afectar gravemente á poboación e aos bens de natureza non forestal, e que esixa a adopción inmediata de protección e socorro. Pode ser necesario que, á solicitude do órgano competente da Comunidade Autónoma, sexan incorporados medios extraordinarios ou que poden comportar situacións que deriven cara ao interese nacional.



O Plan activarase en Situación 2 cando a cualificación veña motivada pola afección á poboación e aos bens de natureza non forestal (vías principais de comunicación e redes principais de subministración) e sexa necesario adoptar medidas de protección dirixidas á poboación, tales como evacuación e/ou albergue.

A problemática dos núcleos rurais de poboación, situados en zonas forestais, caracterízase por unha dobre perigosidade: por unha banda polo risco de xerar incendios forestais e pola outra banda o perigo de ser afectados por eles. Este carácter bidireccional existente entre o monte e as persoas viuse incrementado nas últimas décadas debido ao abandono progresivo das terras de cultivo que habitualmente se situaban na periferia destes núcleos de poboación, impedindo o contacto directo entre as vivendas e o monte. Ao desaparecer en moitas zonas a actividade agrícola, a discontinuidade monte-casas descendeu, polo que hoxe en día existe un contacto directo entre o monte e as vivendas ao longo do noso territorio.

Debido a isto, hai que ter presente que estas zonas habitadas incrementan o risco de orixinar un incendio forestal, a causa das diferentes actividades que nelas se realizan, polo que as persoas que viven nestas zonas, non so deben aumentar a precaución para non xerar ningún incendio, senón que tamén deben ser conscientes de que o lume pode chegar ata os seus fogares dende o exterior, supondo un elevado risco para as familias, as vivendas e os bens.

De aquí despréndese a importancia do concepto de Autoprotección, posto que as propias zonas habitadas teñen unha tarefa prioritaria e fundamental no ámbito da defensa contra incendios forestais.



As principais bazas para conseguir a autoprotección son un mantemento axeitado da vexetación que cree espazos defensivos adecuados ao entorno, unha boa rede de hidrantes, liñas de defensa húmidas e unha correcta sinalización da rede viaria.

A autoprotección debe implicar de forma conxunta tanto ás diferentes institucións e organismos públicos como á veciñanza de cada zona na defensa dos terreos forestais, vivendas e vidas humanas.

Cómpre prestar unha especial atención á formación e á concienciación da poboación en xeral, con mensaxes preventivos e pautas de actuación en diferentes situacións, realizando sesións informativas sobre medidas de autoprotección, colocando planos con itinerarios de evacuación ou confinamento en caso de incendio ou emerxencia, etc.

Tamén é de especial importancia a realización de simulacros de confinamento e evacuación dos núcleos poboacionais no rural ante incendios forestais, para fomentar na poboación hábitos de resposta que axuden a mitigar os riscos xerados polos lumes, ademais de motivar á veciñanza para que leven a cabo esas accións de resposta con organización e coordinación, de maneira que se transformen en actores conscientes da súa propia seguridade. Os simulacros de evacuación serven tamén para probar o funcionamento e coordinación dos diferentes dispositivos implicados no operativo, co fin de estar preparados para actuar en caso de incidencia real.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta implementar un Plan de Autoprotección para os concellos rurais de Galicia, no que se estuden e teñan en conta, ademais



- das especificidades de cada concello, a xerarquía de itinerarios de emerxencia, áreas de confinamento planificado, fases da evacuación, orde e destino dos evacuados, planificación do confinamento, etc.?
2. Vai realizar a Xunta periodicamente simulacros de confinamento e evacuación, tendo en conta a súa planificación, participantes, escenarios, recursos necesarios, avaliación, etc. nos que participen os diferentes dispositivos que interveñen neste tipo de emerxencias?
 3. Vai tomar a Xunta as medidas oportunas para que tódolos núcleos poboacionais do rural contén cunha rede de hidrantes que empregar en caso de incendio?.
 4. Vai destinar a Xunta o debido orzamento para levar a cabo estas medidas?.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 23/10/2018 13:33:17

Antón Sánchez García na data 23/10/2018 13:33:29



Luis Villares Naveira na data 23/10/2018 13:33:53

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Os materiais plásticos atópanse presentes en moi diversos ámbitos da actividade agrícola e gandeira, como por exemplo o proceso de ensilado, o manexo de cultivos hortícolas, froiteiros, flores e ornamentais en invernadoiros, etc.

Os problemas ambientais derivados da xeración de residuos de plástico supoñen un grave problema para a natureza, provocan un deterioro progresivo e acumulativo da contorna, ademais do impacto paisaxístico derivado da proliferación de puntos de abandono destes plásticos.

Para atallar este problema, a Xunta de Galicia puxo en marcha o Plan de xestión de residuos agrarios de Galicia, co fin de xestionar adecuadamente os residuos xerados nas actividades do sector da agricultura, gandería, etc.

Os agricultores e gandeiros teñen que depositar os seus plásticos agrícolas no punto limpo ou lugar indicado por cada concello a tal efecto. Unha vez que o punto ten unha acumulación de plásticos importante, o concello ponse en contacto coa empresa de recollida para que proceda a retiralo. Mais danse casos nos que o proceso de recollida é deficiente, Porén, ante as queixas que están a poñer de manifesto algúns concellos, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Cal é a situación actual do convenio entre Xunta de Galicia e a empresa de recollida de plásticos agrícolas?

2ª. No caso de non renovar o convenio entre a Xunta de Galicia e a empresa de recollida de plásticos agrícolas, que medidas ten previstas adoptar para a súa eliminación?



Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/10/2018 12:44:35

Raúl Fernández Fernández na data 23/10/2018 12:44:44

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/10/2018 12:44:51

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Os materiais plásticos atópanse presentes en moi diversos ámbitos da actividade agrícola e gandeira, como por exemplo o proceso de ensilado, o manexo de cultivos hortícolas, froiteiros, flores e ornamentais en invernadoiros, etc.

Os problemas ambientais derivados da xeración de residuos de plástico supoñen un grave problema para a natureza, provocan un deterioro progresivo e acumulativo da contorna, ademais do impacto paisaxístico derivado da proliferación de puntos de abandono destes plásticos.

Para atallar este problema, a Xunta de Galicia puxo en marcha o Plan de xestión de residuos agrarios de Galicia, co fin de xestionar adecuadamente os residuos xerados nas actividades do sector da agricultura, gandería, etc.

Os agricultores e gandeiros teñen que depositar os seus plásticos agrícolas no punto limpo ou lugar indicado por cada concello a tal efecto. Unha vez que o punto ten unha acumulación de plásticos importante, o concello ponse en contacto coa empresa de recollida para que proceda a retiralo. Mais danse casos nos que o proceso de recollida é deficiente, Porén, ante as queixas que están a poñer de manifesto algúns concellos, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Cal é a situación actual do convenio entre Xunta de Galicia e a empresa de recollida de plásticos agrícolas?

2ª. No caso de non renovar o convenio entre a Xunta de Galicia e a empresa de recollida de plásticos agrícolas, que medidas ten previstas adoptar para a súa eliminación?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 13:58
Nº Rexistro: 39286
Data envío: 23/10/2018 13:58:44.106

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2018



Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/10/2018 12:45:17

Raúl Fernández Fernández na data 23/10/2018 12:45:27

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/10/2018 12:45:39

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/10/2018 12:45:45

María Luisa Pierres López na data 23/10/2018 12:45:52

Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez e Diego Calvo Pouso deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O pasado 11 de outubro a Xunta de Galicia e os sindicatos UGT, CC.OO. e CIG alcanzaron un acordo para a mellora das condicións laborais do colectivo de axentes medioambientais e forestais.

Este acordo é froito de meses de reunións e negociacións nas que o Goberno Galego mantivo sempre unha actitude dialogante e aberta a mellorar as condicións laborais do colectivo.

Por elo, os deputados asinantes formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta en Comisión:**

-Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o acordo alcanzado con UGT, CC.OO. e CIG para a mellora das condicións laborais do colectivo de axentes medioambientais e forestais ?.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 23/10/2018 13:25:28

Jesús Miguel Prado Patiño na data 23/10/2018 13:53:48

Raquel Arias Rodríguez na data 23/10/2018 13:54:28

Rosa Oubiña Solla na data 23/10/2018 13:54:42

Moisés Blanco Paradelo na data 23/10/2018 13:55:12

Carlos Gómez Salgado na data 23/10/2018 13:55:21

Daniel Vega Pérez na data 23/10/2018 13:55:44

Diego Calvo Pouso na data 23/10/2018 13:56:19

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O recente Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña á Lei de orzamentos da Xunta de Galicia inclúe, dentro das súas medidas, unha modificación da atención sanitaria pediátrica a través do cambio de categoría e funcións dos pediatras en Galicia e a creación da figura do pediatra de área.

Esta modificación contén numerosas eivas e problemas asociados. Nun primeiro punto referido ás formas, pois esta modificación da atención pediátrica en global non foi en ningún momento informada ou referida polos responsables do Goberno da Xunta de Galicia na súa vontade de facer efectiva, e foi rexeitada cando foi sondeada ás persoas profesionais e colectivos especializados.

No fondo existen tamén problemas graves. A atención pediátrica contén numerosos problemas, derivados de problemas de déficits numéricos pero tamén, e en moita relevancia, problemas asociados á parálise de acción do Goberno da Xunta de Galicia. A nula vontade de resolver os problemas da atención pediátrica nos anos de Goberno de Núñez Feijoo deriva na situación actual na que existen poucas medidas que poidan afrontar o problema a curto prazo, e todas aquelas que foron propostas vía parlamentaria foron rexeitadas inicialmente por provir doutros grupos políticos aínda que despois o propio Goberno da Xunta de Galicia asuma que puideran ser vías de solución, como a priorización dos contratos estables e a discriminación positiva cara esta figura en competencia con outros sistemas sanitarios.

Non entanto, a situación actual perante a proposta de modificación que a Xunta de Galicia incluíu a través dun cambio legal na Lei de medidas fiscais e administrativas provoca numerosas mostras de rexeitamento, tanto das persoas usuarios como dos colectivos especializados e profesionais sanitarios en xeral. A práctica unanimidade neste rexeitamento amosa, por un lado, que a medida resulta de dubidosa eficacia previsiblemente, e amosa ademais a soidade dunha consellería empeñada en legislar contra o sistema, contra os profesionais e contra os usuarios e usuarias.

A maiores desta situación, existe unha forte opacidade, que afonda na preocupación polas consecuencias que pode ter esta decisión, e provoca incerteza sobre a atención pediátrica e a existencia e presenza de pediatras nos centros de saúde. A abertura dunha situación de “totum revolutum” na atención pediátrica non parece ser a mellor medida e non resolve os problemas de volume de profesionais, que non aumentará con esta medida. Cambiar unha categoría profesional, reformular a súa situación no sistema ou mesturar profesionais non fai que estes aumenten e que se poida, a través dilo, atender a máis persoas. Unicamente contribúe a difuminar e empeorar a calidade asistencial dun servizo que ata o de agora resultaba un feito diferencial do noso sistema respecto doutros sistemas de saúde noutros países, pero que con esta decisión única, excepcional en toda España e non avalada pode comezar a perder a súa relevancia.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que motivacións ten a Xunta de Galicia para introducir esta modificación tapada que difumina a capacidade asistencial da atención pediátrica en Galicia?
2. Por que esta medida non foi anunciada previamente e tramitada por métodos máis naturais e procedementais máis correctas?
3. Con que colectivos e profesionais foi consensuada ou consultada esta modificación proposta?
4. Que se pretende con esta medida de creación da figura do pediatra de área?
5. Pode garantir a Xunta de Galicia que non se reducirá ningún pediatra de atención primaria de Galicia? Pode garantir a Xunta de Galicia que non se reducirá ningún pediatra de atención hospitalaria nos centros hospitalarios de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/10/2018 14:00:48



Noela Blanco Rodríguez na data 23/10/2018 14:00:54

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/10/2018 14:00:59

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/10/2018 14:01:02

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª

En maio do ano 2015 a entón ministra de Fomento Ana Pastor, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (hoxe de Infraestruturas e Mobilidade) Ethel Vázquez e o alcalde do concello de Pontearreas, Salvador González, asinaron un protocolo coa finalidade de que se redactase un proxecto para construír un novo acceso á localidade desde a A-52 (coñecida como autovía das Rías Baixas, entre Benavente e Porriño).

Esta necesaria infraestrutura conectaría a estrada PO-403 (preto do enlace coa A-52) e a N-120 de xeito que se melloraría o reparto de tráfico e o acceso ao casco urbano de Pontearreas.

O certo é que pese a contar con toda a implicación das administracións concernidas, nada se volveu a saber deste proxecto, e falamos como é obvio de tres anos e medio sen que nin o Goberno de España nin o da Xunta de Galicia desen o máis mínimo signo de estarse a ocupar do proxecto.

O día 25 de setembro de 2018 a Xunta de Galicia fai un comunicado de prensa no que informa de que a conselleira de Infraestruturas e Vivenda (agora Infraestruturas e Mobilidade) lle remitiu nesa mesma data ao Ministerio de Fomento unha proposta de convenio que tería como finalidade a construción desa variante de Pontearreas, reiterando o interese que ten a Xunta de Galicia ante o Goberno de España, como xa viña facendo co anterior Goberno.

Chama poderosamente a atención que, en primeiro lugar a consellería se vexa na obriga de afirmar que esa demanda xa se lle facía ao anterior Goberno estatal, pero máis aínda que ese interese non manifestase ningún tipo de síntoma en tres anos e medio (agás a remisión dun borrador de convenio en maio de 2017), o que nos leva a pensar que esa demanda formaba parte da submisión silenciosa que o Goberno do Partido Popular de Núñez Feijoo mantiña fronte ao Goberno do Partido Popular de Mariano Rajoy. Esa submisión tiña tanta intensidade como teñen agora as demandas ao Estado.

Tamén podemos supoñer que cando se afirma que esas demandas xa existían, poderase acreditar documentalmente, do mesmo xeito que parece que se fixo agora; e dicimos parece porque nin no Ministerio de Fomento nin na *Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia* teñen coñecemento da proposta de convenio á que fai referencia a nota de prensa da consellería do 25 de setembro de 2018.

Por iso o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que comunicacións se fixeron, con posterioridade ao 16 de maio de 2015, desde a hoxe Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ao ministerio de Fomento demandado o impulso necesario para a construción da variante de Pontearreas?

2ª) Que termos contén o borrador de convenio de maio de 2017?

3ª) Que documentación contén o expediente completo no que se sustenta a proposta de convenio que se enviou ao Ministerio de Fomento desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade sobre a variante de Pontearreas en setembro de 2018?

4ª) Que termos contén ese convenio?

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2018



Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/10/2018 16:56:15

María Luisa Pierres López na data 23/10/2018 16:56:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/10/2018 16:56:30

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O oriente ourensá, Valdeorras, Trives e Viana está vertebrado e articulado pola OU-533 (A Gudiña-A Rúa), unha estrada pertencente a rede primaria básica da Administración autonómica que comeza na N-525 no concello da Gudiña, e remata no da Rúa na N-120 despois de algo máis de 50 quilómetros de percorrido.

Un eixo de mobilidade que entronca na actualidade coa principal autovía que percorre a provincia de Ourense, e que comunica coa Meseta, e no futuro inmediato permitirá achegar a moitos cidadáns e cidadás destes concellos ao tren de alta velocidade con parada na estación de ferrocarril Porta de Galicia na Gudiña.

A veciñanza desta comarca ourensá leva moitos anos reclamando melloras nesta estrada, co obxectivo de mellorar a mobilidade, reducindo os tempos de percorrido para os e as viaxeiros, incrementando a seguridade viaria nalgúns treitos do seu percorrido, pero que tamén é unha necesidade de comunicación e vertebración da mobilidade das persoas que utilizarán a alta velocidade para efectuar os desprazamentos dentro da nosa comunidade autónoma. Unha infraestrutura de comunicación cuxas melloras repercutirían tamén de maneira positiva no desenvolvemento económico e na competitividade facilitando que os nosos produtos melloren a súa posición nos mercados nacionais e internacionais.

Este eixo norte-sur da zona oriental da provincia de Ourense, que na actualidade é a única vía de conexión entre as comarcas de Valdeorras, O Bolo e Viana, así como único de acceso a Pena Trevinca; constitúe ademais o enlace de Portugal coa comarca de Valdeorras, favorecendo polo tanto a mobilidade por extensión da zona oriental do país luso e noroeste de León.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado no que se atopa a estrada autonómica OU-533?
2. Ten previsto o Goberno galego acometer durante a X lexislatura algunha obra de mellora nesta estrada?
3. En caso afirmativo, en que van consistir estas actuacións?
4. Cal será o orzamento que se dedicará estas obras?
5. Que actuacións de mellora desta estrada se levaron a cabo nos últimos dez anos?

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/10/2018 16:58:00

Raúl Fernández Fernández na data 23/10/2018 16:58:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/10/2018 16:58:12

María Luisa Pierres López na data 23/10/2018 16:58:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 16:59
Nº Rexistro: 39304
Data envío: 23/10/2018 16:59:52.373

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/10/2018 16:58:23

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A situación da atención á discapacidade e á dependencia en Galicia están a sufrir un gran deterioro derivado das políticas de retallos e desatención da Xunta de Galicia, ademais das insufribles listas de espera, do limbo da dependencia, este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinação que sofre a provincia de Ourense.

A Plataforma ProcapOurense (Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional), composta polos nais e nais de nenos e nenas con discapacidade, ANPA do CEE Miño, e unha amplísima representación de organizacións políticas, sindicais, e sociais da provincia de Ourense, leva tempo poñendo en evidencia unha destas discriminacións, evidenciando a falla de infraestruturas públicas non concertadas na provincia que permitan a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos atendidas nese centro ou en calquera outro da provincia.

Ourense é a única provincia que non dispón dun espazo destas características, xa que en Lugo hai un centro en Sarria con 120 prazas, Pontevedra dispón dun en Redondela co mesmo número de prazas, e a provincia da Coruña tamén conta cun centro público para que estas persoas poidan continuar coa súa formación e mellora da saúde. Que Ourense non dispoña dun centro destas características supón auténticos dramas familiares ao ter que separar centos de quilómetros ás nais e pais dos seus fillos e fillas, e vulnera o dereito a decidir das familias, polo que compre dar unha solución áxil e axeitada a esta situación tal como demanda dita Plataforma cidadá.

Ás portas do comezo da campaña electoral das eleccións autonómicas celebradas o 25 de setembro do 2016, a Xunta de Galicia anunciaba o seu compromiso para poñer un marcha un centro público en Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos, sen facer ningún tipo de concreción a respecto de cando se construíra o mesmo, o número de prazas do que disporá, e se os servizos que se presten no mesmo serán todos de titularidade pública.

Tralas protestas, non soamente das nais e pais e de toda a esta plataforma cidadá senón tamén de milleiros de ourensáns e ourensás que saíron as rúas para reclamar a Xunta de Galicia que cumprira os seus compromisos, a Consellería de Política Social mudaba a posible situación do mesmo. Dende o Goberno galego anunciábase que o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade maiores de 21 anos, CAPD de Ourense, se construíría nun solar de 4600 metros cadrados cedido polo Concello de Ourense, radicado no barrio de Barrocás.

O pasado mes de setembro a daquela Directora Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, na actualidade Conselleira de Política Social, presentaba en Ourense o proxecto elixido polo xulgado entre os 15 que optaban a ser o futuro centro residencial e de atención a persoas con discapacidade de Ourense, que corresponde a idea “Asiste.00” de Iglesias Veiga Arquitectos de A Coruña, que terá un custo de 5,5 millóns de euros.

O proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019, contempla un investimento de 600.000 euros para a construción deste centro.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Tendo en conta a partida orzamentaria asignada pola Xunta de Galicia nos orzamentos do ano 2019 para a construción do centro de atención a persoas con discapacidade de Ourense, cales son as actuacións que se van levar a cabo no vindeiro ano?
2. Considera a Xunta de Galicia que o investimento dedicado á construción deste centro contribúe a axilizar a súa posta en marcha?
3. Cal é o tempo que estima o Goberno galego para a execución do mesmo?
4. Cando estima o Goberno galego que poderá estar en funcionamento o centro de atención a persoas con discapacidade de Ourense?
5. Pode garantir a Xunta de Galicia que o CAPD de Ourense vai ser de xestión pública?

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2018



Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/10/2018 17:43:51

Raúl Fernández Fernández na data 23/10/2018 17:43:56

Julio Torrado Quintela na data 23/10/2018 17:44:00



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar no Centro de Saúde de Catoira para cubrir a ausencia do persoal facultativo.

A sanidade pública de Galiza está nunha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Todas as decisións tomadas foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel: masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

O Centro de saúde de Catoira responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39319
Data envío: 23/10/2018 19:21:28.859

permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

O cadro de persoal do Centro de Saúde de Catoira está formado por dous facultativos e un pediatra que pasa consulta en días alternos. Desde principios de setembro é un só facultativo o que atende a demanda de asistencia sanitaria, xa que o outro facultativo nun pode acudir ao centro, primeiro por vacacións e logo por incapacidade laboral temporal.

A situación de prexuízo para @s veciñ@s de Catoira é máis que evidente, habendo días con máis de setenta persoas para un só facultativo.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Vai proceder a substituír ao facultativo do Centro de Saúde de Catoira, tanto nas súas licenzas como vacacións para manter a asistencia sanitaria en horario completo e con persoal estábel?

-Coida que o persoal do Centro de Saúde de Catoira pode asumir a sobrecarga asistencial que se deriva desta situación sen que se resinta a calidade asistencial?

-Considera o Goberno galego que se pode prestar unha asistencia sanitaria de calidade cando @s profesionais teñen que asumir o traballo propio e o d@s compañeir@s que non son substituíd@s?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39319
Data envío: 23/10/2018 19:21:28.859

-É consciente dos prexuízos que lle causa tanto a doentes como profesionais a decisión de non substituír ao persoal?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/10/2018 19:18:29

Ana Pontón Mondelo na data 23/10/2018 19:18:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/10/2018 19:18:34



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39319
Data envío: 23/10/2018 19:21:28.859

Olalla Rodil Fernández na data 23/10/2018 19:18:36

Noa Presas Bergantiños na data 23/10/2018 19:18:37

Xosé Luis Bará Torres na data 23/10/2018 19:18:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Luis Villares Naveira, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**.

O Conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, afirmou o 20 de decembro de 2017 no Pleno do Parlamento de Galiza que o Hospital de Monforte “conta co persoal necesario e está dimensionado en función da poboación que atende”.

O Conselleiro tamén se gabou da posta en marcha de Hospitalización a Domicilio, pero esta só abarca 20 km do entorno do Hospital e só funciona de mañá durante a semana.

En Marea rexistrou en xaneiro de 2018 unha pregunta para coñecer o calendario que manexa a Xunta para a realización das melloras que precisa o Hospital de Monforte, en materia de persoal e de mellora de material e infraestrutura. A Xunta non respondeu ata o 24 de setembro de 2018 e fíxoo referíndose á citada intervención do Conselleiro en pleno en decembro de 2017, na que non concreta datas para as melloras e na que simplemente apelou a que o “Hospital vai seguir medrando”.

Logo desta resposta do Conselleiro en pleno tivo lugar unha folga no Hospital comarcal de Monforte, en abril de 2018, convocada por CCOO, UGT, CIG e Sagap, á que En Marea deu o seu apoio, que reivindicaba o aumento da plantilla do Hospital, o fin das derivacións á privada, solucións ás longas listas de agarda, rematar coa mobilidade de persoal entre servizos por non cubrir con persoal das



listas de contratación ou o cese da Subdirectora de Enfermería, pola falta de capacidade negociadora.

Unha das razóns da necesidade de aumento de persoal é que na zona se sitúen varios centros de maiores, co cal aumenta o número de pacientes con mobilidade reducida e o número de ingresos de xente maior e dependente con traumatismos.

A folga rematou a mediados do mes de maio, cun acordo de mínimos entre o comité de folga e o SERGAS, consistente no compromiso de non dar comisións de servizo aos médicos especialistas que collan praza dentro dunha oferta pública de emprego se non hai substituto/a, a estabilización de tres prazas de enfermería, convertendo tres contratos de acumulo de tarefas en vacantes, e o contrato dunha praza de TCAE en quenda de mañá para reforzo das plantas, así como o reforzo dunha praza de celador para os días de maior actividade asistencial. Quedou pendente o estudo para aumento do persoal de laboratorio. A folga tamén conseguira tres prazas de enfermería na quenda de noite. Este acordo pon xa de manifesto que a afirmación do Conselleiro en decembro era falsa, pois si que cumpría reforzar o persoal.

Por outra parte, as necesidades de mellora de eficiencia enerxética, mellora de mobiliario e infraestruturas continúan, como persiste a falta de especialistas (sobre todo, radioloxía, dixestivo, neuroloxía e cardioloxía) e os problemas derivados da dependencia de xestión de Lugo, por exemplo, na dependencia de Lugo a respecto de informática ou de mantemento do Hospital.

Asemade, as listas de agarda non estruturais revelan unha lista de agarda maior á oficialmente recoñecida polo SERGAS, con pacientes que, por poñer uns exemplos, agardan máis dun ano por cita para resonancia considerada preferente ou para consulta de oftalmoloxía.

Ademais, algunhas das preguntas ás que non respondeu a Xunta tiñan que ver co número de derivacións á Sanidade privada, derivacións de cirurxía xeral ao HULA, número de colonoscopias realizadas en Lugo ou número de derivacións de resonancias a centros privados, co cal, este grupo parlamentar se ve na obriga de formulalas de novo. Esta falta de respostas amosa que ao SERGAS non lle interesa facer transparencia a respecto do Hospital de Monforte.

No debate de Política Xeral, a única mellora que anunciou o Presidente da Xunta para o Hospital de Monforte foi a remodelación de oncoloxía. Nos Orzamentos da Xunta de 2019 unicamente se dedican 190.026 € a “actuacións de mellora en Hospitais comarcais” para a provincia de Lugo.

Nunha resposta sobre similar tema, sobre as melloras necesarias no Hospital de Monforte, a Xunta responde, o 10 de outubro de 2018, que “o plan de renovación segue en marcha e estase a executar de xeito paulatino”, sen concretar.

Polo exposto, as deputadas que subscriben presentan as seguintes preguntas:

1. Non considera unha burla á xente das comarcas do sur de Lugo a falta de resposta ante as preguntas que dirixe En Marea sobre o Hospital de Monforte, trasladando demandas do persoal do Hospital e da cidadanía?
2. Por que a Xunta minimiza as necesidades de aumento de persoal do Hospital de Monforte?
3. Por que a Xunta oculta datos sobre as listas de agarda e derivacións do Hospital de Monforte?



4. Cando vai a Xunta implementar todas as melloras necesarias no Hospital de Monforte?

5. Cando vai rematar a Xunta a remodelación integral de instalacións e mobiliario do Hospital de Monforte, incluíndo a necesaria mellora da eficiencia enerxética?

6. Vai adecuar a Xunta o persoal do Hospital de Monforte ao feito de que na área existen varias residencias da terceira idade?

7. Ten en conta a Xunta o feito de que a área de Monforte acolle varias residencias da terceira idade que orixinan un aumento de ingresos no Hospital por fracturas e sobrecarga existencial, por ingresos de persoas con mobilidade reducida?

8. Ten a Xunta algunha investigación aberta sobre o aumento de ingresos por fracturas de xente maior no Hospital de Monforte?

9. Vai a Xunta aumentar HADO a toda a área que abarca o Hospital de Monforte, tendo en conta o alto nivel de envellecemento da poboación da zona?

10. Cando vai a Xunta reducir a eventualidade do persoal no Hospital de Monforte?

11. Foi realizado o estudo sobre a necesidade de aumento de persoal do laboratorio?

12. Que cronograma e orzamentos ten o plan de renovación do Hospital de Monforte ao que aluden a Xunta e o PP nos debates parlamentares?

13. Por que non se coñece en detalle dito plan de mellora?
14. Cales son as listas de agarda reais en cada servizo do Hospital de Monforte?
15. Cantas derivacións á Sanidade privada se teñen producido no Hospital Comarcal de Monforte en cada especialidade dende o ano 2013?
16. Cantas derivacións de intervencións de cirurxía xeral se teñen producido no Hospital de Monforte ao HULA dende 2013?
17. Cantas colonoscopias de persoas do distrito sanitario de Monforte se teñen realizado en Lugo, no marco do programa de cribado de cancro de colon?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Eva Solla Fernández
Luís Villares Naveira
Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Paula Vázquez Verao na data 23/10/2018 19:43:04

Eva Solla Fernández na data 23/10/2018 19:43:12

Luis Villares Naveira na data 23/10/2018 19:43:18

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Barómetro Sanitario é unha enquisa de valoración do sistema sanitario público en toda España, con valoracións conxuntas e tamén desagregadas por comunidades autónomas. A súa publicación é anual, avaliando o ano anterior, e está disponible de maneira aberta a través das publicacións do CIS.

A última publicación deste barómetro avalía o ano 2017, e apunta a algunhas tendencias preocupantes que deixan en evidencia a situación real da sanidade galega. A valoración das persoas usuarias sobre a sanidade galega a sitúa como a terceira peor de todas as comunidades autónomas de toda España, perdendo posicións progresivamente nos últimos anos, coincidindo cos gobernos de Núñez Feijoo. En relación a isto, máis dun 75 % dos usuarios/as apuntan á necesidade de cambios, en distintos grados, no sistema sanitario.

Apunta tamén o barómetro sanitario, entre outras cousas, que aumenta con respecto ao ano pasado a preferencia libre dos usuarios a utilizar a sanidade privada en relación coa pública. En torno a un aumento do 5 %, tanto na atención primaria como en atención hospitalaria, de persoas que preferirían acudir a un centro privado que a un público na evolución 2016 a 2017.

A pesares deste, e outros datos preocupantes, non existe ningunha valoración por parte do Goberno da Xunta de Galicia que asuma algunha problemática asociada ou algunha ineficiencia na xestión, que si sinalan as persoas usuarias.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia satisfactoria a avaliación da cidadanía galega como a terceira peor sanidade de toda España entre as comunidades autónomas?

2. Asume a Xunta de Galicia a existencia dalgún problema na eficiencia do sistema sanitario público galego no que ten que ver coas avaliacións da cidadanía galega sinalada no barómetro sanitario do CIS?
3. Como valora a Xunta de Galicia que aumente a preferencia libre dos usuarios polo uso da sanidade privada fronte á pública segundo indica o barómetro sanitario do CIS?
4. Acepta o Goberno galego o barómetro sanitario do CIS como unha ferramenta fiable e válida de avaliación do sistema sanitario?

Pazo do Parlamento, 24 de outubro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/10/2018 11:05:34

Noela Blanco Rodríguez na data 24/10/2018 11:05:40

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araújo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa á conciliación familiar-estudiantil

Os coidados non remunerados afastan a unha gran cantidade de mulleres da carreira laboral. Segundo os últimos datos da OIT, un 25,1% alegan este motivo, fronte a un escaso 2,6% no caso dos homes. E da académica? Que sucede cando unha muller se converte en nai no medio dos seus estudos obrigatorios ou post-obrigatorios? Nin no IGE, nin na secretaría xeral de Igualdade, nin na Consellería de ensino, mais tampouco nas fontes estatísticas de carácter estatal, atopamos datos sobre estes motivos.

Segundo as investigadoras da Universidade de Valencia, Amparo Alonso, Marcos Jesús Iglesias e Inés Lozano, a conciliación estudiantil-familiar require propostas concretas por parte das administracións que, a día de hoxe, non teñen contemplado esta necesidade.

Segundo a súa investigación, “o colectivo de estudantes con responsabilidades familiares e en estado de xestación, aínda que poida ser unha minoría, xa resulta significativo e vai en aumento”. Un dos motivos estaría no feito de que dende a crise se incrementara a idade de acceso á educación superior.

Deste xeito, segundo os datos do Ministerio de Educación, nos últimos cinco cursos desde 2007-2008 a poboación universitaria de 18 a 24 anos aumenta un



13,7%, mentres que a de máis de 30, un 18,4%. é dicir, que a chegada á universidade non é soamente directa dende o instituto senón que temos cada vez máis estudantes que chegan ás aulas universitarias tras experiencias laborais, desemprego, etc, en momentos vitais claramente diferentes.

Porén, a día de hoxe, a lexislación non acompaña esta multiplicidade de realidades, nin a posibilidade da maternidade nin as ausencias por coidados asumidos maioritariamente por mulleres. Aínda que o Estatuto do Estudante Universitario fala dunha “atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida laboral e familiar”, non concreta nada e non hai medidas concretas aplicadas nas nosas universidades.

Como tampouco hai medidas concretas na lexislación galega. Salvo a mención realizada no DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación sobre a atención educativa a mozas embarazadas.

1. A consellería con competencias en materia de educación, en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, arbitrará as actuacións ou medidas de apoio necesarias para facer posible a continuación dos estudos por parte da menor embarazada e, se é o caso, do futuro pai en idade de escolarización obrigatoria, de forma compatible coas exixencias derivadas do embarazo e coas obrigas da maternidade e da paternidade.

2. Os centros docentes deberán proporcionar ás menores embarazadas que cursen estudos de ensino obrigatorio e postobrigatorio a adecuación dos procesos de ensino e aprendizaxe ás súas necesidades durante o seu embarazo e nos dous



anos seguintes ao parto, nos termos que establece a consellería con competencias en materia de educación.

3. A menor de idade durante o proceso de xestación e, posteriormente, no caso de que se faga cargo da atención da súa filla ou fillo, terá dereito a ser autorizada, pola Administración educativa, para asistir intermitentemente ao centro en que está escolarizada, de acordo coas súas necesidades. Este dereito esténdese ao pai menor de idade que xustifique un comportamento de paternidade responsable.

Un artigo centrado na mocidade e que ignora a devandita multiplicidade de realidades que podemos ter nas aulas galegas e que tampouco é quen de establecer medidas concretas.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que medidas ten aplicado o Goberno galego para facilitar a conciliación estudantil-familiar?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 24/10/2018 13:01:10

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/10/2018 13:01:18

Paula Quinteiro Araújo na data 24/10/2018 13:01:27

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2.^a**

Galicia continúa padecendo o drama dos desafiuzamentos. Segundo o informe “Efectos da crise económica nos órganos xudiciais” elaborado polo Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX), no ano 2017, o número de lanzamentos hipotecarios ou desafiuzamentos practicados foi de 2.493, un 4,6% máis que o ano anterior. Isto contrasta co feito de que no conxunto do Estado o número de lanzamentos hipotecarios ou desafiuzamentos, así como o de concursos de acredores, reduciuse ata chegar aos niveis máis baixos da última década.

A situación no ano 2018 é practicamente a mesma, con un matiz: o paro entre o persoal de xustiza provocou un descenso do 55% dos lanzamentos. A proba de que o descenso se debe á folga é que o número de execucións hipotecarias que se iniciaron en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo foi practicamente o mesmo que o ano pasado. No ano 2017 presentáronse 289 demandas; no 2018, 288. Todo isto sucede sen que a Xunta de Galicia poña solucións sobre a mesa para protexer ás familias que afrontan unha maior situación de vulnerabilidade.

Estámolo a comprobar agora no bloque número dous de A Patiña, en Cela, Cambre. A consultora Altamira, do banco Santander, iniciou o procedemento para botar a ducias de familias das súas casas, 27 das cales reciben axudas dos servizos sociais e 12 de emerxencia social. No lugar habitan parados de longa



duracións, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con problemas de mobilidade, anciáns... que pagan entre 200 e 310 euros pola vivenda.

O edificio foi construído nos anos 90 por Fadesa, tras chegar a un acordo co Goberno da Xunta para alugar os pisos a persoas desfavorecidas durante 20 anos. Porén, no inicio da crise económica, Fadesa decidiu vender o inmoible a Altamira, que xestiona os activos inmobiliarios do Santander.

Hai un tempo xa que a axencia subcontratada por Altamira deixou de cumprir coas labores que lle correspondían de mantemento e reparación, polo que moitos veciños levan meses vivindo nunhas condicións lamentables, soportando, entre outras cousas, humidades e fungos.

Segundo denuncian as veciñas e veciños dende fai meses, a presión que se exerce sobre eles para que marchen aumentou significativamente. Varios recibiron cartas ameazantes nas que se lles indicaba que o seu contrato ía expirar. A algúns se lles ofreceu renegociar á alza as súas rendas; a outros se lles dixo directamente que teñen que irse.

Novamente, a banca e os fondos voitre tentan facer negocio coa miseria da xente, sen importarlles a quen se levan por diante. Isto ten que mudar, e ten que facelo de inmediato. Cómpre que a Xunta de Galicia tome medidas urxentes.

É preciso, polo tanto, que a Xunta deteña esta deriva e que actúe para garantir o dereito de todos e todas a ter un fogar; dereito que nunca se lle debeu conculcar a ninguén.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a:



- 1.- Que ten pensado facer a Xunta de Galicia ante esta situación que están a sufrir os veciños da Patiña?
- 2.- Que pensa facer o Goberno para asegurarse de que unha situación semellante non volve acontecer?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García
Marcos Cal Ogando
Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 24/10/2018 14:07:20

Antón Sánchez García na data 24/10/2018 14:07:25

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.^a**, relativa á asistencia ás illas Ons.

A saturación de visitantes en espazos especialmente sensibles do noso país veñen ocupando numerosas noticias no último ano. Se no pasado verán destacou o caso da saturación das Illas Cíes e os incumprimentos das navieiras respecto ao número de viaxeiros fixados cada día, logo a praia das Catedrais, finalmente, este último verán saltaron á palestra as denuncias sobre as visitas ás Ons.

Deste xeito, asociacións ecoloxistas como Verdegaiia denunciaron que varias navieiras estarían a desviar un gran número de viaxeiros ás Ons para evitar superar nas Cíes o máximo fixado de 2.200 persoas diarias. Así, a entidade sinala que algúns días Ons estaría recibindo ata 4.000 visitantes, máis do dobre do límite fixado no PRUX (1.800).

A entidade ecoloxista advirte de que este exceso é inasumible por esa illa, onde un estudo da Xunta fixa unha capacidade de carga ecolóxica das súas praias en 896 persoas/día. E advirte que "a maior parte dos visitantes desta illa durante o verán concéntranse nos areais". É dicir, que sería preciso reducir o máximo diario actual.

Gran parte do problema radica na falta de aprobación do Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional (PRUX), un documento esencial para o correcto funcionamento e protección deste espazo, que permanece conxelado dende o ano 2011 e que acumula case 15 anos de atraso, pois tiña que estar en vigor dende o 3 de xullo de 2003.



Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que datos manexa a Xunta de Galicia sobre o número de visitas diarias a Ons?
- 2.^a) Como realiza o control sobre o número de billetes emitidos polas navieiras?
- 3.^a) Como explica os 15 anos de retraso do Plan Reitor de Uso de Xestión do Parque Nacional?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 24/10/2018 17:54:59

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Orde do 10 de decembro de 1997 creou e regulou as xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitario, sobre a base da necesidade de que exista unha canle institucional de cooperación entre a Administración educativa e os centros docentes dependentes dela, aconsellan o establecemento dun órgano consultivo e asesor dos/as delegados/as provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (agora xefes/as territoriais) que permita a participación e a colaboración dos centros, a través do director, en diversas decisións que deberá adoptar esta Administración educativa nas materias que os afecten.

No seu desenvolvemento publicouse a Resolución do 4 de febreiro de 1998, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos membros das xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitario.

Esta resolución establecía, no seu artigo 1º, que a elección dos directores que formarán parte das xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitario, e a constitución delas efectuarase nas datas fixadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria coincidindo coa renovación dos consellos escolares no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional vén de publicar a Resolución conxunta do 17 de outubro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se modifica a Resolución do 4 de febreiro de 1998, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos membros das xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitario, que modifica o artigo antes citado, de xeito que a elección das persoas directoras que formarán parte das xuntas provinciais de directores de

centros de ensino non universitario, e a constitución delas, efectuarase nas datas fixadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Como toda xustificación para esta modificación atopamos que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional iniciou un proceso de revisión e actualización da normativa reguladora tanto das xuntas provinciais como da Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario.

Parece pois oportuno coñecer con profundade que razóns motivan esta modificación, que levaba coordinando as datas entre ambos procesos desde a publicación da primeira constitución que se regulou pola Resolución do 17 de novembro de 2000, conxunta da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos membros da Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que problemas tiña detectado a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nos procedementos de renovación dos membros das xuntas provinciais de directores?

2ª) Pensa a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional establecer un novo período para a duración do nomeamento dos/as directores/as que formen parte desas xuntas provinciais?

Pazo do Parlamento, 24 de outubro de 2018



Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/10/2018 09:57:18

Maria de la Concepción Burgo López na data 25/10/2018 09:57:26

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Xoaquín Fernández Leiceaga, Patricia Vilán Lorenzo e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

No mes de febreiro deste ano, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou varias iniciativas para que o Goberno galego nos informase sobre as medidas que van adoptar ante as deficiencias existentes na ETAP do concello de Ordes.

Á vista da resposta dada no mes de setembro por parte da Xunta de Galicia, así como da falla de interese por solucionar este problema, que pode afectar á saúde dos veciños e veciñas que se abastecen desta estación, os Socialistas reiterámoslle as iniciativas.

O concello de Ordes ten unha poboación de 12.669 habitantes, segundo os últimos datos publicados polo INE (01.01.2016).

A ETAP que abastece de auga potable a este concello é bastante antiga, sen que tivese un axeitado mantemento durante este tempo o que ocasionou a situación de deterioro que presenta na actualidade.

A dita estación dispón de dúas liñas de tratamento das augas, unha delas está fóra de funcionamento por presentar varios problemas técnicos, deficiencias existentes no decantador e no filtro aberto.

Estas deficiencias unidas o aumento da poboación no núcleo urbano do municipio fai que aumenten as necesidades de consumo de auga, o que provoca que se supere aínda máis o caudal que pode tratar actualmente a ETAP.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A capacidade dos depósitos existentes é de 1.700 m³ e estímase que o consumo actual punta ascende a 2.000 m³/día, polo que o caudal tratado pola planta non chega para abastecer as solicitudes, xa que en caso de deficiencia ou avaría o subministro non estaría asegurado nin durante as primeiras vinte e catro horas seguintes á aparición da deficiencia, comprometendo o abastecemento dos usuarios.

Os técnicos de Augas de Galicia visitaron a ETAP xunto co persoal encargado do mantemento e explotación das instalacións para poder analizar o problema, e constataron a existencia do dito problema de capacidade de tratamento e mal estado de conservación das instalacións debido á súa antigüidade.

O Pleno do Concello de Ordes aprobou por unanimidade unha moción na que se instaba á Xunta de Galicia a:

Levar a cabo as obras necesarias de mellora da ETAP e o resto das actuacións necesarias na rede de abastecemento municipal. Demoler a segunda liña de tratamento de auga potable e acometer unha nova que atenda ás necesidades da poboación.

Levar a cabo as obras de mantemento necesarias no edificio de control existente. Mellorar a rede de abastecemento de auga potable do concello, dende a estación de tratamento aos depósitos, cunha nova impulsión con bombeo dende o edificio de control da planta.

Ante esta situación, reiterada xa en varias ocasións, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

Que xestión ten feitas o Goberno galego para acometer as obras necesarias para a mellora da ETAP de ordes?

Pazo do Parlamento, 25 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/10/2018 12:33:41

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/10/2018 12:33:49

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/10/2018 12:34:01

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/10/2018 12:34:07

Julio Torrado Quintela na data 25/10/2018 12:34:14

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao está situado na rúa Paraíso s/n do concello de Ordes; é un centro de titularidade pública que conta coas ensinanzas de educación infantil e educación primaria, que se imparten en trece dependencias, tal e como se amosa no mapa referenciado na páxina *web* do dito centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcastelaordes/>.

No devandito mapa, referenciase co número 7 o ximnasio, dependencia que se atopa nunha situación totalmente lamentable para poder cumprir correctamente a súa función como lugar para acadar os estándares de aprendizaxe en educación física, así como actividades deportivas, lúdicas ou culturais que forman parte da formación do alumnado.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É consciente a Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional da situación na que se atopa o ximnasio?

2ª) Cando vai proceder a arranxar estas graves deficiencias para que os nosos nenos e as nosas nenas poidan desenvolver a súa aprendizaxe, así como as súas actividades en lugares debidamente acondicionados?

Pazo do Parlamento, 25 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/10/2018 12:37:42



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/10/2018 12:37:49

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/10/2018 12:37:56

Maria de la Concepción Burgo López na data 25/10/2018 12:38:04

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Nos próximos meses vai comezar a negociación dos presupostos da Unión Europea para o seguinte período orzamentario europeo, o 2021 - 2027. É unha negociación de vital importancia para Galicia, xa que, ten posibilidades de perder parte –ou todos– dos fondos estruturais que viña recibindo ata a actualidade.

A política de cohesión, a cal representa máis dunha terceira parte do orzamento total comunitario, constitúe unha ferramenta esencial e solidaria encargada de corrixir os desequilibrios entre as distintas rexións europeas. No período actual, 2014-2021, Galicia saíu claramente beneficiada, xa que puido contar con máis de 4.000 millóns de euros repartidos nos diferentes Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (Fondos FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, FEADER e FEMP).

Non obstante, debido a diversos motivos –entre eles o Brexit– a cantidade de fondos que pode recibir Galicia no seguinte período se pode reducir drasticamente. Neses motivos podemos destacar o baleiro económico que vai deixar a saída do Reino Unido (o cal aportaba aproximadamente 15.000 millóns de euros ao orzamento comunitario) e os diferentes tipos de rexións e prioridades que establece a Unión Europea para acadar os seus obxectivos: rexións menos desenvolvidas, rexións en transición e rexións máis desenvolvidas que, na actualidade, é onde se atopa Galicia e a maioría das comunidades autónomas do resto de España.

De non conseguir unha negociación frutífera e positiva que afonde nunha maior integración europea a todos os niveis, incluído o económico e financeiro, e na consecución dun maior aporte económico dos Estados membros ás arcas comunitarias –tratando de minimizar o impacto do Brexit–, Galicia sairá perdendo e pode volver de Bruxelas cun recorte de fondos que tería un impacto moi negativo para a nosa comunidade.

Grupo Parlamentario

Acábanse de coñecer hai pouco, febreiro de 2018, algúns dos posibles escenarios futuros para os próximos orzamentos europeos e, as perspectivas non son moi prometedoras nin positivas. No mellor dos casos Galicia mantería o *status quo* actual pero, no resto de escenarios, as perdas serían moi significativas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante este panorama, o Goberno da Xunta de Galicia debe actuar coa dilixencia necesaria posto que os fondos europeos representaron -e teñen que representar tamén para o futuro-, unha fonte de ingresos importante que é necesario resgardar e defender. Ademais debe contribuír a provocar unha modificación no seu caso dos obxectivos para aproveitar as oportunidades en canto ás actividades que produzan un maior valor engadido.

Por todo o anterior, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que actuacións ten feito a Xunta de Galicia para defender os intereses galegos nos seguintes orzamentos comunitarios?

2ª) Cre o executivo galego que Galicia vai perder fondos europeos no seguinte período 2021-2027?

3ª) Cal é a estratexia da Xunta de Galicia para, canto menos, manter o *status quo* actual na asignación dos fondos estruturais?

4ª) Que previsións manexa ao respecto no calendario establecido para a negociación dos próximos orzamentos na Unión Europea?

Pazo do Parlamento, 25 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/10/2018 12:39:52

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/10/2018 12:40:04

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

No Pleno do 19 de decembro de 2017 aprobouse a Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, publicada no DOG o 2 de xaneiro de 2018, Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

No trámite desta lei, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha emenda que citamos textualmente:

“Emenda nº43, de adición. Disposición derradeira cuarta

Debese engadir unha nova disposición derradeira cuarta bis, que terá o seguinte contido:

Disposición derradeira cuarta bis.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma publicará nun prazo máximo de seis meses, previo informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, un novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual.”

A dita emenda foi rexeitada polo Partido Popular, grupo maioritario nesta Cámara.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:



Grupo Parlamentario

1ª) É consciente o Goberno galego das queixas que se están a producir por non atender esta emenda presentada polo noso grupo?

2ª) Ten pensado a Xunta de Galicia atender esta petición e elaborar un novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 25 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/10/2018 12:42:14

Maria de la Concepción Burgo López na data 25/10/2018 12:42:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/10/2018 12:42:36

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/10/2018 12:42:43

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a.

O Instituto Nacional de Estatística acaba de publicar a Enquisa de Orzamentos Familiares e a Enquisa de Condicións de Vida referidas ao ano 2017.

A enquisa de condicións de vida establece que os ingresos medios anuais por fogar en 2016, para o conxunto do Estado, aumentaron nun 3,1 %, acadando 27.558 euros; sendo o ingreso medio por persoa 11.074 €, o que supón un incremento do 3,4 % respecto do ano anterior. Non obstante, no caso de Galicia os ingresos medios por persoa sitúanse en 10.753 €, ocupando o 11º lugar de todas as CCAA.

No caso da taxa de risco de pobreza, Galicia presenta unha taxa do 18,7 %, lixeiramente por debaixo da taxa para o conxunto do Estado, cun 6,2 % dos fogares que manifestan ter moita dificultade para chegar a fin de mes e un 23,7 % que non teñen capacidade para afrontar gastos imprevistos.

Para o dato de distribución da poboación en quintiles segundo os seus ingresos, temos que o 36,4 % da poboación galega se atopa nos quintiles 1º e 2º, fronte a un 15,5 % que estaría no 5º quintil.

En canto á enquisa de Orzamentos Familiares, temos que o gasto medio por fogares medrou, en termos correntes, un 3,5 %, situándose en 29.188 € e en 11.726 o gasto medio por persoa, mentres que para Galicia o gasto medio por persoa sitúase en 10.938 €, o que supón un índice do 93,3 % sobre a media de gasto medio por persoa, situándose na posición 12ª de todas as CCAA.



Grupo Parlamentario

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª.) Que valoración fai o Goberno de Galicia sobre estes datos?

2ª.) Considera o Goberno galego que as condicións de vida da maioría dos galegos e galegas lles permiten desenvolver axeitadamente o seu proxecto vital?

3ª.) Que medidas pensa tomar o Goberno galego para mellorar esta situación?

Pazo do Parlamento, 25 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/10/2018 13:03:43

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/10/2018 13:03:51

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

No Diario Oficial de Galicia do 21 de xuño de 2018, a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a Orde do 31 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2018.

Estas subvencións van dirixidas a concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este, sempre que por si sos ou asociados teñan unha media de paro rexistrado no ano 2017 superior a 500 persoas ou formen parte dunha agrupación que comprenda, cando menos, tres concellos limítrofes galegos (ou dous no caso de que un deles proceda da fusión de concellos) ou as entidades con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, para o financiamento de programas de emprego dirixidos á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de programas integrados de emprego con intermediación laboral, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e durante un período de 12 meses.

Para o cumprimento do obxectivo establécese un financiamento polos importes de 1.590.000,00 euros e 1.680.000,00 euros, respectivamente, na anualidade de 2018, e 3.710.000,00 euros e 3.920.000,00 euros, respectivamente, na anualidade de 2019.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

 Grupo Parlamentario

1ª.) Que valoración fai o Goberno galego sobre os resultados acadados con esta subvención desde a súa implantación ?

2ª.) Cales son os resultados de inserción laboral acadados nos últimos cinco anos con estas subvencións?

3ª.) Cales foron os resultados de inserción acadados segundo os grupos establecidos na orde (A, B, C, D) nos últimos cinco anos?

4ª.) Cales foron os concellos beneficiados nos últimos cinco anos e cales foron as contías concedidas a través destas subvencións?

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/10/2018 13:07:22

Noela Blanco Rodríguez na data 25/10/2018 13:07:30

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/10/2018 13:07:40

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/10/2018 13:07:47

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Son varias as ocasións nas que o Grupo Socialista bota en falta a transparencia do ente público Portos de Galicia, e unha das cuestións que nos causa grande preocupación provén dos datos que se extraen a partir das contas anuais dos últimos dous exercicios pechados do ente Portos de Galicia. Así, obtemos a seguinte información relativa á contratación:

	2017		2016	
TOTAL	5.708.283	100 %	8.832.282	100 %
Concurso	628.664	11 %	2.128.282	24 %
Procedemento negociado	289.948	5 %	165.000	2 %
Contratos menores	4.327.623	76 %	4.672.812	53 %
Certificacións	235.172	4 %	1.241.547	14 %
Emerxencias	226.876	4 %	624.668	7 %

Do total de obras podemos apreciar como para o caso de contratos menores no ano 2016 estes supoñían o 53 %, o cal era xa de por si un valor elevado. Pero no ano 2017 este valor incrementouse ata o 76 %, o que indica que 3 de cada 4 euros das obras que leva a cabo Portos de Galicia, faino a través de contratos menores. Unha porcentaxe demasiado alta que nos indica que existe unha predilección por esta modalidade de contratación que non debería estar xustificada en tan alta proporción. Cando esta debe ser a excepción, fronte o uso habitual. O que nos vén a reafirmar na necesidade de dotar de transparencia a xestión deste ente público da que hoxe parece carecer.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego a elevada utilización dos contratos menores na contratación de obras por parte de Portos de Galicia?

2ª) Considera o Goberno galego que o 76 % das contratacións que se realizaron como contratos menores, obedecen a razóns de excepcionalidade?

3ª) Vai continuar utilizando de xeito maioritario os contratos menores que, dificilmente, deben estar xustificadas en tan alta proporción?

4ª) Que razóns xustifican o abuso tan desmesurado desta modalidade de contratación?

Pazo do Parlamento, 25 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 25/10/2018 13:54:19

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/10/2018 13:54:35

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Galicia podería ser pioneira en medidas de prevención de envases e de xestión de residuos. Porque, por exemplo, o 32 % de todo o plástico que utilizamos os seres humanos acaba na natureza. Calcúlase que cada ano 8 millóns de toneladas de plástico chegan a mares e océanos, polo que o “*World Economic Forum*” informa que en 2050 no mar haberá máis plásticos que peixes.

Cómpre que Galicia mude as súas políticas para poder loitar mellor contra o cambio climático. Así, o Goberno debe adoptar medidas que fomenten a prevención de envases e tamén o uso de envases reutilizables, tales como:

1. A instalación de fontes de auga potable de acceso gratuíto nos espazos públicos ou o uso de auga en envases reutilizables.
2. A prohibición, con carácter xeral, de vender auga en botellas nos edificios e instalacións da Administracións Pública da Xunta de Galicia, salvo nos centros sanitarios e hospitalarios.
3. O ofrecemento á clientela, en establecementos de hostalería e restauración, da posibilidade dunha botella ou semellante con auga da billa e os vasos para o seu consumo, de maneira gratuíta e complementaria á oferta do propio establecemento.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai adoptar o Goberno galego medidas que fomenten a prevención de envases e o uso de envases reutilizables?
2. Vai instalar o Goberno fontes de auga potable de acceso gratuíto nos edificios e instalacións da Administración Pública da Xunta de Galicia? Cando?
3. Vai potenciar o Goberno o uso de auga en envases reutilizables neses mesmos edificios e instalacións? Cando?

4. Vai prohibir o Goberno a venta de auga en botellas neses mesmos edificios e instalacións, salvo nos centros sanitarios e hospitalarios? Cando?
5. Vai establecer o Goberno a obriga para os establecementos de hostalería e restauración de ofrecemento á clientela da posibilidade dunha botella ou semellante con auga da billa e os vasos para o seu consumo, de maneira gratuíta e complementaria á oferta do propio establecemento? Cando?

Pazo do Parlamento, 25 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/10/2018 16:48:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/10/2018 16:48:52

María Luisa Pierres López na data 25/10/2018 16:48:57



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 17:05
Nº Rexistro: 39397
Data envío: 25/10/2018 17:05:10.150

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre os investimentos da Xunta de Galiza no Porto Seco de Monforte e a creación dunha plataforma loxística intermodal para o transporte de mercadorías no país.

O Porto Seco de Monforte constitúe un dos exemplos máis claros do desleixo do Partido Popular cara á provincia de Lugo e especialmente coas comarcas do sur.

Esta infraestrutura foi anunciada como plataforma loxística no ano 2001 polo daquela presidente da Xunta, Fraga Iribarne, e inaugurada por Alberto Núñez Feijóo en 2014. Na actualidade e após un investimento de 20 millóns de euros o que se anunciou como o nó para o transporte de mercadorías por ferrocarril e estrada de Galiza, ficou convertido nunha sorte de polígono industrial, ora ben, sen empresas.

Alén diso, o Porto Seco acumula anos de parálise no referido á súa conexión por estrada e ferrocarril, indispensábel para cumprir co compromiso de se constituír como plataforma loxística intermodal e favorecer o fluxo de mercadorías.

Neste senso, un dos elementos chave que corresponden á competencia exclusiva da Xunta de Galiza para a posta en andamento do Porto Seco é a conexión deste coa N-120. Para tal fin, o goberno publicou en xaneiro de 2018 o proxecto para a nova conexión cuxo custe ascende a 4,5 millóns de euros.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, nese ano 2018 os Orzamentos da Xunta de Galiza prevían unha partida de apenas 750.000 euros para o Porto Seco a través da Axencia Galega de Infraestruturas, unha contía que non se executou e que volve ser incluída para o exercicio de 2019.

Así mesmo, é urxente que esta infraestrutura conte con conexións ferroviarias competitivas o que exige a modernización da liña Palencia-A Coruña, como xa sinalou o Eixo Atlántico nun informe en maio de 2016.

Recentemente Bruxelas aprobou a incorporación de Galiza ao Corredor Atlántico e con ela a liña A Coruña-Vigo-Ourense-Monforte-O Barco-Palencia, porén, a falta de investimentos e o desleixo da Xunta de Galiza e o Goberno do Estado español co Porto Seco avivou o debate sobre cal será o nó das mercadorías. Un debate que para o Bloque Nacionalista Galego non ten cabida algunha e debe ficar fóra de toda dúbida que ese papel debe xogalo Monforte e o Porto Seco.

Por todo o exposto anteriormente formulamos as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Cre a Xunta que Galiza contará nalgún momento cunha plataforma loxística no Porto Seco que sirva para o que foi deseñada?

- Como valora a situación na que se atopa o Porto Seco en tanto que plataforma loxística intermodal estrada/ferrocarril para o transporte de mercadorías?

- Cre o Goberno galego que case dúas décadas despois de ser proxectado e 20 millóns euros en investimentos o Porto Seco cumpre a función para a que foi concibido?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 17:05
Nº Rexistro: 39397
Data envío: 25/10/2018 17:05:10.150

- Aposta verdadeiramente a Xunta de Galiza en Monforte e o Porto Seco como nó de mercadorías por estrada/ferrocarril para Galiza?

- Cando prevé o goberno galego iniciar as obras da conexión do Porto Seco coa N-120? Cando prevé que remate das mesmas?

- Que accións ten desenvolvido a Xunta diante do Goberno español para mellorar a conexión ferroviaria Monforte-Palencia?

- Que actuacións ten levado a cabo a Xunta de Galiza para a implantación de empresas nesta plataforma loxística?

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 17:05
Nº Rexistro: 39397

Data envío: 25/10/2018 17:05:10.150

Olalla Rodil Fernández na data 25/10/2018 17:01:41

María Montserrat Prado Cores na data 25/10/2018 17:01:46

Ana Pontón Mondelo na data 25/10/2018 17:01:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/10/2018 17:01:48

Noa Presas Bergantiños na data 25/10/2018 17:01:50

Xosé Luis Bará Torres na data 25/10/2018 17:01:51



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a anulación por nepotismo dunha praza adxudicada pola Consellaría de Educación no concurso xeral de traslados de 2016.

O 25 de outubro de 2018 o TSXG ditou sentenza arredor da denuncia presentada pola CIG-Ensino co gallo do concurso xeral de traslados que tivo lugar en 2016.

A Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Educación, adxudicou unha praza a unha docente –anterior directora do MUPEGA-- para que impartise docencia na Escola de Restauración de Bens Culturais de Pontevedra.

Previamente, en 2014, xa intentara incorporar de maneira irregular a mesma persoa a unha listaxe de interinos cando era funcionaria de carreira en Asturias. A administración fracasou, naquela altura, debido ás queixas presentadas por persoas prexudicadas con este proceso mais nomeouna directora do Museo Pedagóxico de Galiza, cargo de libre designación (ORDE do 13 de abril de 2015, DOG nº77).

De acordo coa sentenza do TSXG a praza adxudicada na Escola de Restauración foi creada ‘ad homine’ no que considera unha “torcida actuación” da administración ao crear especificamente unha praza dunha especialidade que non se imparte neste centro de ensino nin en Galiza (conservación e restauración de documento gráfico) e que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tampuco foi reclamada pola Escola. O único obxectivo, pois, ao que respondeu a decisión foi o de colocar a beneficiaria.

Xa en 2016 a Valedora do pobo, diante da queixa presentada pola CIG-Ensino, sinalou na súa resolución que “existen indicios suficientes para cuestionar a legalidade dos feitos, o que convertería o acto administrativo que constitúe a adxudicación desta praza nun acto arbitrario”.

Para o Grupo parlamentar do BNG os feitos probados pola sentenza son gravísimos e describen un claro caso de nepotismo ou enchufismo, en definitiva, unha cacicada. Desde que se fixo público este caso no ano 2016 tanto o persoal da Escola de Restauración como a central sindical que interpuxo o recurso denuncian que a persoa adxudicataria posúe vínculos familiares coa Secretaria Xeral de Igualdade e que non era esta a primeira ocasión en que tentaron colocala no centro de ensino o que evidenciaría unha vontade clara de beneficiala valéndose da administración pública e do poder que o executivo posúe.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Como valora a Xunta de Galiza a sentenza do TSXG que anula a adxudicación dunha praza na Escola de Restauración de Pontevedra por enchufismo?
- Vai executar a sentenza de maneira inmediata a Consellaría de Educación?
- Por que enchufou a Consellaría de Educación unha persoa creándolle unha praza ad-hoc, como ficou demostrado polo TSXG?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 18:05
Nº Rexistro: 39401
Data envío: 25/10/2018 18:05:17.338

- A sentenza sinala a relación familiar da Secretaria Xeral de Igualdade e a persoa que resultou adxudicataria da praza de maneira ilegal, pensa adoptar o Goberno galego algunha medida ao respecto?

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 25/10/2018 18:01:34

María Montserrat Prado Cores na data 25/10/2018 18:01:38

Ana Pontón Mondelo na data 25/10/2018 18:01:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/10/2018 18:01:41



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 18:05
Nº Rexistro: 39401
Data envío: 25/10/2018 18:05:17.338

Noa Presas Bergantiños na data 25/10/2018 18:01:42

Xosé Luis Bará Torres na data 25/10/2018 18:01:44



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727